


PARA ISO

IES N^o.1 - ORDES
"Paraíso ParaNós"
n^oIII

PARA NÓS

Curso 2009 - 2010



Marcos Matabuena Rodríguez

(Gañador no concurso de portadas convocado polo Equipo de Dinamización da Lingua Galega)



1. ACTIVIDADES (IV semana da ciencia, Olimpíada matemática, O planetario viaxeiro en Ordes, Semana da física, Semana Cultural)	PÁX 1	15. OUTROS FESTIVAIS PÁX 44
2. VIAXES CULTURAIS (Viaxe a Roma dos alumnos de Automoción, Excursión a Extremadura e Salamanca: 1º e 2º bach., Visita á Domus, Casa das Ciencias e Sta. Mª de Cambre: 2º ESO, Excursión á Diocese de Mondoñedo-Ferrol)	PÁX 10	16. ESCOLA OFICIAL DE IDIOMAS: EOI PÁX 45 (Sección de Ordes)
3. OUTRAS ACTIVIDADES (Xornada Micolóxica, Encontro con Paco Martín, Sendeirismo 1º ESO: Hospital de Bruma- Ordes / Ordes-Sigüeiro, Visita á potabilizadora, depuradora e centro comarcal: 1º ESO, Obradoiro sobre o cambio climático. 1º e 3º ESO, Charla en inglés sobre Australia por Robin Walker, Actuación do contacontos cándido pazó dentro da semana das letras, Intercambio IES Miguel Ángel González Estévez de Carril IES nº 1 de Ordes)	PÁX 13	17. FOTOS CEA 2º BACHARELATO PÁX 46
4. O CAMIÑO FRANCÉS EN GALICIA PÁX 19		18. RECEPCIÓN A IRIA MARTÍNEZ MIRÁS.. PÁX 47
5. CRÍTICAS LITERARIAS (Das cousas de Ramón Lamote, Das novas cousas de Ramón Lamote, Os megatoxos e o aprendiz de Druída, O achado do Castro, Bala perdida, O lapis do carpinteiro)	PÁX 20	19. EXPOORDES PÁX 48
6. 2010 - CONMEMORACIÓNS (Letras galegas 2010: Uxío Novoneyra, Ano rosaliano, 125 anos da morte de Rosalía, Centenario do nacemento de Seoane)	PÁX 23	
7. CONCURSOS (Afonso Traficante Fernández, Premio coca- cola, Concursos do equipo de dinamización da língua galega)	PÁX 28	
8. ATLETISMO: DAVID SANTOS DOMÍNGUEZ PÁX 35		
9. A SITUACIÓN DO GALEGO HOXE PÁX 36		
10. CULTURAS EN CONTACTO PÁX 37		
11. O CLUB DE LECTURA "O VERME AZUL" PÁX 39		
12. AULA VIRTUAL (Unha aprendizaxe baseada en competencias coa prensa e as matemáticas nunha Aula Virtual)	PÁX 40	
13. ADIVIÑA QUEN É PÁX 41		
14. FESTIVAL FIN DE CURSO PÁX 42		





Paraíso para Nós segue a súa andaina un ano máis sendo reflexo do noso centro, o IES nº 1 de Ordes, dos seus alumnos e alumnas e de nós mesmos, a imaxe daquel camiñante que volve coller as botas para andar ou desandar, se cadra nin el mesmo o sabe: o Camiño; pero, en definitiva, o que el pretende coma nós: é ir cara a adiante e ser mellor cada día.

Efectivamente, estamos noutro Ano Xacobeo, outro Ano Santo, e as nosas rutas e camiños inúndanse de viaxeiros e peregrinos que se apresuran a ir a Santiago de Compostela e renderse ante o Apóstolo, ante Compostela ou ante ninguén. Do IES nº 1 e, en concreto, do Equipo de Dinamización Lingüística e do seu responsable, Antón Bravo, volveu partir a iniciativa de percorrer o Camiño de Santiago neste caso o Camiño Francés: ao longo de sete xeirras entre o 10 de abril e o 5 de xuño. É esta unha actividade que no seu segundo ano colleita unha grande aceptación na vila de Ordes e que contou co apoio do Concello.

Neste espello que somos do Centro intentamos incluír o máis destacado do presente curso 2009-2010 se ben para moitos é xa un curso rematado, pois xa teñen a súa vista posta no vindeiro e nas súas expectativas cara ao futuro. Por iso, aquí os lectores poderán atopar actividades que se levaron a cabo como a Semana das Ciencias, a Semana da Física, saídas culturais do máis

diverso, críticas de libros que gustaron aos nosos alumnos e alumnas e, como novidade, a Semana Cultural do mes de abril, entre outras moitas.

Se houbera un aspecto que salienta, sen dúbida son os alumnos que representan o centro fóra das súas portas e que o enchen de orgullo. Son os alumnos e alumnas que triunfan en concursos, certames e competicións: aquí falamos de Alba Martínez, Inés Mirás, David Santos e Afonso Traficante.

Canto aos expedientes académicos, temos o gusto de nomear os cinco merecedores de matrícula de honra: Óscar Grela, Lorena Juncal, Iria Martínez, Mónica Rodríguez e Antonio Manuel Sánchez. Ademais, Iria Martínez Mirás, por ter de media un 9,47, está entre os mellores expedientes de toda Galicia e por iso foi agasallada nun acto organizado o día 9 de xullo pola Universidade de Santiago, dentro do Programa A Ponte entre o Ensino Medio e a Universidade de Santiago de Compostela.

Finalmente, e unha vez máis, dende estas liñas agradecemos a súa achega aos que veñen colaborando coa revista e lanzamos un convite a aqueloutros/as que aínda non o fixeron.

Xullo de 2010





IV SEMANA DA CIENCIA

ACTIVIDADE	GRUPOS	DATA	HORARIO
Conferencia a cargo de Elena Vázquez Abad, profesora titular do departamento de Xeometría e Topoloxía da facultade de Matemáticas da USC, titulada "Aplicacións matemáticas na vida cotiá"	1º BACH. A, B, C, D, E	18 - NOVIEMBRE MÉRCORES	12:10-13:00
Papiraflexia Obradoiro de Teresa Otero, profesora de Matemáticas do IES Antón Fraguas.	1º ESO A, B 2º ESO A, B	18 - NOVIEMBRE MÉRCORES	13:00 H / 14:40
Charla da psicóloga e divulgadora do CSIC, Martina González Veiga, sobre arqueoloxía	1º BACH. A 1º BACH. B	19 - NOVIEMBRE XOVES	9:10-10:00
	1º BACH. C 1º BACH. D 1º BACH. E		10:00-10:50
Conferencia de Ricardo Cao Abad, catedrático do departamento de Matemáticas da facultade de Informática da Universidade da Coruña, de título <i>Estadística. Que demo é iso?</i>	2º BACH. A 2º BACH. B 2º BACH. C 2º BACH. D	20 - NOVIEMBRE VENRES	10:50 H / 11:40
"Unha aproximación á astronomía", charla de Ramón Iglesias Marzou, vicepresidente do Club Vega de "Astronomía na beirarrúa", programa promovido pola USC Observación astronómica a cargo do Club Vega. <i>Astronomía na beirarrúa</i>	2º ESO A, B 3º ESO A, B 4º ESO	23-NOVIEMBRE LUNS	16:40 H / 18:20
	LIBRE	23-NOVIEMBRE LUNS	A PARTIR DAS 19:00H



CARTEL SEMANA DA CIENCIA 2009

O departamento de Matemáticas do IES n.º 1 de Ordes promove a celebración da Semana da Ciencia un ano máis e no que é xa a súa cuarta edición. Nesta ocasión as profesoras do seminario preferiron desenvolver estas actividades na 2ª quincena do mes de novembro (entre o 18 e o 23), cando é propiamente a Semana da Ciencia.

ENTREVISTA-CHARLA DE RAMÓN IGLESIAS

O luns día 23 de novembro de 2009 os alumnos de 2º, 3º e 4º de ESO tivemos unha charla impartida por dous físicos, astrónomos e membros do Club Vega: Ramón, vicepresidente do Club, e o seu compañeiro, Javi, secretario do Club.

O Club Vega é unha asociación sen ánimo de lucro que pretende promover a astronomía e conta, ademais, coa colaboración da Universidade de Santiago de Compostela.

Despois da charla, que se celebrou pola tarde, dúas alumnas de 3º ESO fixémoslles unha entrevista. Algunhas das preguntas que lles formulamos foron as seguintes:

¿Por que decidistes elixir a astronomía entre todas as ramas da física?

R. Eliximos a astronomía porque era a carreira que máis nos gustaba. Unha persoa non pode facer algo que non lle guste, así que decidimos especializarnos nesta rama.

¿Como conseguistes chegar a este posto no Club Vega?

R. A cuestión é que nos tocou, porque non había outra opción, dado que somos só vinte membros no club, e hai demasiada xente que non vén case nunca. Por exemplo, o vicepresidente do Club Vega vive nas Canarias, por iso dicimos que todo depende do número de socios cos que contamos.

¿Como pode alguén facerse membro do Club Vega?

R. Pois é moi sinxela. Só tes que ir ao Club ou entrar na nosa páxina web e inscribirte, pagar unha cota anual de 12 euros, xa que todo o material pertence ao club.

¿En que consisten as actividades que realizades no Club Vega?

R. Nós xeralmente organizamos saídas para observar o ceo en distintos lugares de Galicia, e tamén facemos charlas nos institutos e bibliotecas, igual que a que tivemos hoxe vós.

Ademais de todo isto, tamén nos comentaron que están a desenvolver unha campaña contra a contaminación lumínica en Santiago de Compostela.

Por outra banda, explicáronnos que é moi sinxela construír un telescopio caseiro e ata nos amosaron un, feito por eles mesmos, que levaban no coche.

3º ESO A



SARA VEIGA RÚA



SALMA BOUTAFANT



Salma e Sara con Ramon e Javi do Club Vega



Ramón Iglesias durante a exposición



Cun telescopio que amosan aos alumnos

ENTREVISTA-CHARLA DE RICARDO CAO

□ ¿Que foi o que te levou a elixir o mundo estatístico como profesión?

A min gustáronme as matemáticas dende pequeno e por iso decidín facer a carreira de matemáticas. No segundo ano de carreira dáse estatística e gustoume tanto que o fixen a miña especialidade. Gústame moito a estatística porque é a rama matemática con máis aplicación para a vida cotiá e pódese axudar a xente solucionando problemas.

□ ¿Que se necesita para poder chegar tan lonxe coma tí no mundo das matemáticas?

(Pensando) Buff...!! Supoño que o gusto polo que fas coma en todas as profesións e tamén predilección pola investigación, así como poñer empeño no que fas e traballar. O traballo diario é moi importante. A ilusión tamén é algo decisivo.

□ ¿Como conseguiches ser o coordinador da área de matemáticas na Axencia Nacional de Avaliación e Prospectiva?

Esta axencia encárgase de avaliar proxectos españois para ver se teñen futuro. Cada ciencia ten un encargado e eu avalío os proxectos matemáticos. Estes encargados renóvanse cada tres anos e aquí escóllense os mellores investigadores e os máis sobresalientes. A min propuxéronme o posto e aquí estou. Para min é todo un orgullo.

□ ¿Cal foi o teu maior logro ao longo da túa carreira?

É difícil definilo como logro, pero do que estou máis orgulloso ao longo da miña

carreira é de dar clase a xente nova e ensinalle todo o que sei, avaliar as súas teses... Axudalos a saír adiante.

□ ¿Cal sería a túa maior ilusión con respecto á estatística?

Pois mira, a miña ilusión sería que en Galicia houbera carreira de estatística, porque os estudantes galegos teñen un nivel moi bo. E agora co plan Boloña as tres universidades galegas unímonos para dar clase por videoconferencia para poder dar clases no máster.

□ ¿Cal cres que foi o feito máis importante na historia da estatística?

Para min foi a principios do s.XX, cando os matemáticos se deron de conta de que a estatística estivo presente durante toda a historia, por exemplo, cos censos que facían os romanos. O que pasa é que ata o s.XVI non aparecera o cálculo de probabilidade que é un feito moi importante. Despois tamén importantísima é a achega de Kolmogorov e Fisher. Sobre todo Fisher por querer formalizala

□ ¿Onde che gusta dar clase?

Nas charlas, (risas), xa que é moi importante divulgar o saber estatístico. Aínda así, non acostumo a dar charlas e clases á xente da vosa idade, senón a universitarios.

□ ¿Cales son as túas afeccións?

É difícil... O meu traballo, porque me encanta a estatística e á investigación; tamén estar coa familia e descansar. O que se pode dicir que é a miña afección é o atletismo, que me gusta moito a pesar de que non o practico.

□ ¿Como se atopa a estatística a nivel galego?

Pois moi ben. Agora mesmo estanse a

facer cousas moi interesante e hai grupos moi bos dentro das tres universidades galegas. Ademais, o presidente do ANEP (Axencia Nacional de Avaliación e Prospectiva) é galego.

□ ¿Que opinas sobre que non haxa facultade de estatística en Galicia?

A verdade é que é unha mágoa porque se desaproveitan uns recursos valiosísimos, e hai un gran potencial. É un sentido xa que hai xente que funciona moi ben iso. E agora vaíse todo aos graos e, entón, móvense moito as cousas. Este feito non supón que non se cursen estudos estatísticos en Galicia, xa que nos dous últimos anos de carreira podes especializarte en estatística, como fixen eu.

□ ¿E da redución da docencia de matemáticas e estatística na carreira de informática?

Preocúpame moito, xa que de cara aos graos redúcese moito o contido de materias básicas para unha carreira universitaria e agora hai menos horas de clase no bacharelato que cando eu estudaba, e iso nótase no temario que cada vez se dá menos. E xa está bastante mal o bacharelato e por riba redúcese tamén nas universidades. E non digo que non vaían saír bos profesionais, senón que acabarán sen os rudimentos máis básicos. Isto igualará moito a universidade coa FP. É que hai que ter a base para poder ter unha mente crítica e cuestionarse por que son así as cousas e non doutra forma para poder melloralas, e iso é moi importante nas carreiras que impliquen tecnoloxía.

□ ¿Que opinas do plan Boloña?

O ano pasado fixéronse unhas probas deste plan na Coruña e tivemos a oportunidade de impartir docencia nun



grao de estatística básica en Terapia ocupacional. E sou bastante crítico nese sentido xa que implica que os alumnos fagan moito traballo pola súa conta. Sobre todo para os de primeiro xa que vai ser un cambio moi brusco porque veñen do bacharelato onde nun se lles esixe tanto. Parécese ben que os alumnos traballen pero creo que o sistema está mal deseñado e será un desastre. Ademais, as clases tenden a individualizarse e iso supón máis infraestruturas e máis profesorado e aínda non se fixo nada para iso. Penso que é lamentable que en España non



Ricardo Cao e as entrevistadoras

ENTREVISTA-CHARLA DE ELENA VÁZQUEZ ALBAL

¿Que lle levou a decantarse para realizar estudos universitarios na especialidade de matemáticas?

Uns bos profesores que fixeron que comprendera as matemáticas e que sentira atracción cara a elas, acompañado duns bos resultados.


¿Como vicedecana da facultade de matemáticas, que cre que se debería mellorar na educación en España? Está a favor do plan Boloña? Está a favor da medida que impulsou Esperanza Aguirre en Madrid, en nomear os profesores autoridade pública (recoñecemento que posúen, militares, policías...)?

Penso que se debería investir máis diñeiro na educación acompañado dun cambio de enfoque na sociedade da forma de ver a figura dos profesores, pero sen chegar a considerar os profesores como unha autoridade pública. Non fai falta unha excesiva disciplina, na miña opinión con comunicación e boa

exista un pacto pola educación xa que cambia con cada goberno e dentro de cada comunidade autónoma tamén. Por iso penso que o sistema educativo, español ten moitos erros.

¿ Podería darnos a túa opinión sobre o galego no ensino?

Opino que canto máis se saiba mellor, pero sen tomar puntos de vista extremistas entre o galego e o castelán, incluso co inglés. Eu creo que é mellor ensinar máis inglés e darse máis clases en bilingüe xa que agora é moi importante e canto máis saibas máis



vontade pódense solucionar os problemas. En canto ao proxecto universitario de Boloña móstrame partidaria no aspecto que fai que as carreiras teñan un contido máis práctico pero difiro en que a xente de orixes humildes non poida acceder a unha carreira universitaria.

¿Cre vostede que as matemáticas se deberían ensinar desde unha perspectiva máis práctica, tal como explicou na intervención?

As matemáticas hainas que contar con paixón, hai que buscar exemplos prácticos interesantes para explicalas (moitos músicos foron matemáticos, probabilidade na lotería...), é dicir, considerar as matemáticas como unha arte cun gran contido práctico.

¿Cal é a área das matemáticas que máis a atrae? Por que?

Xeometría porque me gustan as formas e considérome unha arquitecta frustrada.

¿Como vicedecana da facultade de Matemáticas e profesora de matemáticas, unha materia tecnolóxica, está a favor de que os

portas che abren. Penso que o que está infravalorado é o inglés e non o galego. O importante é evitar os extremismos porque aquí todos nos entendemos.

Alumnas de Métodos estadísticos e numéricos 2º Bach.



ÁNGELA
CENDAL PREGO



LORENA
FERRERO GRELA



Presentación da súa charla pola profesora Teresa Paltres

alumnos de bacharelato tecnolóxico teñen que examinarse na selectividade dun gran número de materias de letras mentres que os desta especialidade quedan exentos das ciencias?, non é inxusto, podendo desfavorecer este sistema a persoas de ciencias puras na nota final?

Eu non estou moi a favor do sistema da selectividade: parécese un pouco ridículo perder un ano para pasar un exame, pero tamén é verdade que algún sistema hai que seguir, a min parécese máis razoable realizar un test específico orientado á carreira que se queira cursar.

¿Como vicedecana na facultade estará acostumada a ver talentos pola universidade. Cre que o goberno está a potenciar correctamente estes valores, proporcionándolles os medios adecuados? Está a favor da creación, tal como ocorre no deporte, de centros de alto rendemento para os mozos/as que sobresaen en diferentes campos?.

O goberno non está axudando a estes alumnos, a maioría teñen que emigrar ao estranxeiro para alcanzar o recoñecemento económica, social e



intelectual que se merecen; se seguen en España, anos de esforzo son recompensados en traballos con condicións infrahumanas. Todo isto entrísteceme moitísimo xa que o goberno está despilfarrando un montón de cartos en formación que ao final non serve para nada. Respecto á segunda pregunta, eu non estou a favor da creación de "guetos" para a xente con capacidades intelectuais superiores xa que, como dixen na exposición, hai que desbotar na cabeza da sociedade a imaxe de persoa superdotada con lentes de cristais gordos.

□ Está de acordo con esta afirmación que se soc facer a nivel xeral na sociedade: se unha persoa de ciencias non sabe que é o Quixote é unha persoa ignorante, mentres que se un individuo de letras non sabe o que é un número primo non pasa nada, non ten por que ser ignorante? Por que cre que esta mentalidade se estendeu entre a poboación?

Estou de acordo con esta afirmación: a xente cre que a ciencia non é cultura como as letras e eu penso que é debido ao concepto entendido entre a poboación de que as matemáticas son difíciles.

□ Escribiu algún libro ou ten pensado facelo? En que proxectos está traballando a día de hoxe?

Publiquei varios libros (de Xeometría Superior). Actualmente estou colaborando con físicos sobre a xeometría de Riemann (sobre os 4 puntos no espazo), proxecto financiado pola Xunta de Galiza e ministerio de Cultura e Innovación.

□ Cal é o seu matemático favorito?

Gauss polos seus estudos sobre xeometría.

□ Temos entendido que sempre viste de negro, non será daltónica?

Non o son, pero visto de negro porque aparento máis delgada.

□ Pensa que o goberno debería limitar a emisión de programas na televisión de tele lixo como aqueles nos que aparece "Belén Esteban" e no seu lugar emitir

programas de divulgación científica.

Claro que si, pero aínda que non o fixese, que polo menos lles pagase aos científicos o mesmo que aos presentadores e colaboradores dese tipo de programas.

□ Que lle parece o que gaña Cristiano Ronaldo, sen facer nada produtivo e moitas veces condicionado pola sorte, cando moita xente traballa por algo interesante e non recibe recoñecemento? Cre que en certa maneira os diferentes gobernos teñen interese en manter a xente inculta para podellos controlar e que non falen dos temas realmente importantes?

O do soldo dos futbolistas parece realmente escandaloso, xa que non hai apenas sacrificio, e está condicionado moitas veces pola sorte, o fútbol é un negocio que move masas e uns poucos aproveítano para enriquecerse; dóeme realmente que moitos rapaces deixen de realizar unha carreira universitaria polo fútbol. Á sociedade gústalle acomodarse e o goberno en certa maneira non fai nada por remedialo. É unha mágoa que non se valore realmente a xente que vale.



MARCOS MATABUENA RODRIGUEZ

1º Bach. B



Miguel Anieiros e Marcos Matabuena con Elena Vázquez



Un momento da entrevista



Durante a charla de Elena Vázquez

PAPIROFLEXIA

O pasado mércores 18 de novembro, dentro das actividades da IV Semana da ciencia, fixemos 1ºA e 1ºB, papiroflexia na biblioteca do instituto. A profesora Teresa Otero ensinounos varias figuras que se poden facer con papel. Para a primeira figura collemos un cadrado mediano e empezámolo a dobrar. Non sabiamos o que era ata que a rematamos, e levamos unha sorpresa porque era un marcápáxinas. Para a segunda realizamos catro trapecios e un triángulo. Ao final con estas figuras podiamos montar diversas formas. Por exemplo: un trapecio grande. Esta actividade, sinceramente, non se me daba moi ben, pero foi bastante divertida.



DANIEL REY CASTRO

1º ESOA





OLIMPIADA MATEMÁTICA

O día 15 de xaneiro do 2010 celebrouse a Olimpiada Matemática galega na facultade de Matemáticas e nela participaron os seguintes alumnos do IES nº1 de Ordes:

- ▣ Bouzas Prego, Luís Manuel
- ▣ Fernández Calvo, Daniel
- ▣ Lamas Casas, Sergio
- ▣ Puente Grille, Javier
- ▣ Rodríguez Gómez, José María

- ▣ Sánchez Bao, Antonio Manuel
- ▣ Tasende Vilariño, Manuel



O PLANETARIO VIAXEIRO EN ORDES

O día 14 de novembro fomos ao Centro Comarcal para visitar un planetario viaxeiro, unha especie de globo no que vimos as estrelas e planetas que se ven nesta época do ano. Tamén aprendemos a manexar un telescopio.

Cando entramos dentro do globo creo que nos gustou moito a todos. Era bastante grande e tiña unha caixa no centro. Unha vez que o contemplamos ben apagáronnos a luz e miramos para arriba, xa que empezaran a aparecer moitas estrelas e algúns planetas do Sistema Solar. Unha amable traballadora do concello foinos ensinando a Osa maior, a Osa menor, a Estrela polar e os planetas que se vían nesa época do ano.

Xa despois desta actividade subimos á

2ª planta do centro comarcal onde un técnico do observatorio Ramón M^l Aller de Santiago nos esperaba. A sala na que estabamos era bastante grande e con moitas cadeiras nas que nos fomos sentando un a un. O físico empezou a falar sobre un telescopio que levou, explicándonos para que servían cada unha das súas partes, como se manexaba, etc. Finalmente deixounos mirar a todos por el, e o que máis me asombrou foi que, cando miras por un

telescopio, vese todo invertido.

Cando estabamos rematando a actividade ocorreu algo increíble: íestaba a televisión de Galicia! Entrevistounos a uns poucos e pola noite saímos na "tele".

Este día paseino moi ben.
1º ESOA



SEMANA DA FÍSICA (DO 1 AO 5 DE FEBREIRO)





ACTIVIDADE	GRUPOS	DATA	HORARIO
"O conflito palestino-israelí", conferencia a cargo de membros do colectivo de acción social <i>Fuga em rede</i>	2º BACH. A, B, C, D	12 ABRIL LUNS	10:50-11:40 H
TEATRO: Proxecto "Trocando peles" (Teatro do oprimido) por ACSUR.	1º BACH. A,D, CICLO ADMINISTRATIVO	13 ABRIL MARTES	12:10-13:50 H
Charla do antropólogo Xosé Ramón Mariño Ferro	1º BACH.B,C,E.	14 ABRIL MÉRCORES	10:50-11:40 H
Obradoiro de ilustración e elaboración de materiais gráficos por parte de Anxo Fariña, debuxante e escritor	1º ESO A e B	15 ABRIL XOVES	10:50-11:40 H
Charla "Chiapas, unha mirada indixena" a cargo de membros do colectivo <i>Pallasos en rebelión</i>	2º ESO A e B, 4º ESO e PCPI TODOS MENOS 2º BACH. E 2º AUTOMOCIÓN	16 ABRIL VENRES	12:10-13:00 H
Día do xogo popular e tradicional		16 ABRIL VENRES	10:50-13:50 H
Obradoiro sobre escritura antiga por parte do profesor <i>Fernando Lillo Redonet</i> .	3º ESO A	19 ABRIL LUNS	12:10-13:00
	3º ESO B		13:00-13:50

O IES nº 1 de Ordes promove a celebración da I Semana Cultural do instituto, nun intento de ofertar actividades "máis de letras", entre o 12 e o 19 de abril, ambos os dous días inclusive. Esta iniciativa xorde a imaxe da exitosa Semana da Ciencia,

organizada dende hai catro anos polo departamento de Matemáticas do IES nº 1 de Ordes e, deste xeito, quérese completar esta proposta, pero dende o ámbito doutras materias consideradas como "de letras" ou "humanidades". Á pretensión do profesorado e do equipo

directivo é ofrecer a alumnos e alumnas visións diferentes, se ben complementarias, de aspectos abordados en distintas disciplinas do currículo dos cursos de ESO e do ensino postobrigatorio.

O CONFLITO PALESTINO-ISRAELÍ

Iria Martínez
Mirás de 2º
Bach. D



Baixo o título de "O conflito palestino-israelí" impartíuse unha charla á que asistiron os alumnos de segundo de bacharelato no mes de abril deste ano 2010. O encargado de levala a cabo foi David Bruzos, profesor de secundaria do noso instituto neste ano e pertencente ao colectivo galego Fugaemrede, onde é responsable da páxina web e a xestión técnica e informática. Así mesmo, Moncho Vázquez, membro fundador do grupo, fotógrafo e estudante de dereito tamén ía participar, mais finalmente non foi así. Ambos visitaron Palestina no

pasado, Moncho no 2008 e David no 2006, a onde volvería novamente a finais do mes de abril de 2010.

O colectivo Fugaemrede naceu hai catro anos en Galicia e está formado por persuas que traballan en diferentes movementos sociais do país sobre temas como o ecoloxismo, os movementos migratorios... apoiando países e rexións en conflito como Palestina, México indixena... Por exemplo, nas manifestacións contra o G8 (oito países que marcan a traxectoria económica, política e militar do mundo) sempre hai presentes membros de Fugaemrede para protestar contra aquelas decisións que afectan negativamente ás zonas que o colectivo apoia e defende.

Para comezar a charla, David Bruzos demostrounos como pode variar a nosa visión do mundo dependendo da

representación que del empreguemos. Para tal fin amosou diferentes mapas que, a pesar de plasmar a mesma realidade, presentaban visións moi distintas da mesma. Agora, introduzámonos no tema en si. O conflito palestino-israelí ten os seus inicios na fin da II Guerra Mundial, cando tras a derrota das potencias fascistas, se produciu un importante movemento de xudeus cara a esa zona; debido a iso, a poboación palestina tivo que emigrar.

Durante o tempo que durou a conferencia, David explicounos todo o feito e vivido nunha visita á zona, ensinándonos fotografías que ilustraban todo o que el ía contando. O labor do colectivo neste conflito comeza coa chegada ao aeroporto de Tel Aviv; nunha zona totalmente militarizada; alí entran en contacto con Anarquistas contra o muro. Tras isto,



Dirixense á Xerusalén, onde hai conflitos entre musulmáns e xudeus. En Ramallah asisten a unha especie de curso para saber o que deben de facer nunha situación problemática, acción directa sen violencia. Tras esta formación, acoden a Bil'in, onde Israel está a construír un muro que atravesará a zona e, por iso, as xentes construíron unha especie de chabola para controlar que non lles pase nada ás súas terras, pero non sempre se lles permite o acceso, aínda que aos membros do grupo si que lleo permitían. Alí, a poboación está vixiada por unha cámara. Dende hai anos, todos os venres faise unha manifestación contra o muro, xuntándose de ambos os lados; nestas manifestacións, o exército grava os participantes para despois represalialos. Aos internacionais, coma eles, non lles poden facer nada; por iso, ao parecer cando lle están a pegar a alguén, é mellor que poden facer é sentar no chan para que teñan que sacalos de alí. Tamén se trasladan a Qalandia, onde hai un campo de refuxiados. O último lugar do que nos falou foi Hebrón, unha zona santa para dúas relixións -xudía e musulmá- onde comparten templo. Alí, toda a forza militar é israelí e trátase dun val totalmente controlado.

Tras isto, unha quenda de preguntas, o momento que poderíamos chamar máis interactivo. E digo "que poderíamos chamar", porque normalmente non hai moita participación por parte do alumnado. Desta ocasión, non foi moi diferente; pero aínda así, Bruzos respondeu a algunhas cuestións propostas polos profesores. Por exemplo, a directora, preguntou se trataban só con xente doutros colectivos ou se tiñan contacto coa xente da rúa. Sobre todo, van apoiar os colectivos, non tratan moito coa xente de a pé. Tamén se preguntou polas condicións de vida a diario ao que se respondeu que "nessas zonas viven moito de axuda internacional, pero o principal problema é a falta de liberdade de movementos (incluso a auga está limitada polo exército).

O modo de vida está bastante occidentalizado".

A Opinión de David Bruzos Herrero



David Bruzos, profesor do IES, nun momento da intervención

No ano 1948 (coa declaración unilateral de independencia do estado de Israel) inaugúrase a prisión que actualmente existe nos territorios palestinos. O cárcere máis grande do mundo foi deseñado e construído por Israel a ceo aberto, e conta cunha extensión de 6.000 mil quilómetros cadrados de superficie.



Un inmenso muro de formigón de centos de quilómetros de distancia e varios metros de altura incomunica os territorios palestinos co resto do mundo. Moitos e moi diversos tipos de corpos policiais e militares israelís coidan de que a poboación palestina non saia da prisión terreal na que se atopan. O coitado do deseño deste macro-cárcere compaxina os tradicionais métodos de control social coas máis actuais e sofisticadas técnicas de colonización económica e cultural: cortes de estradas, destrución de comunicacións terrestres, controis militares humillantes e continuados, destrucións de casas, restricións de acceso á auga potable, limitación da liberdade de movemento, clasificación da poboación con cores nos seus documentos de identidade, imposición

da moeda israelí, bloqueo económico, asentamentos de colonos israelíes... Etc...

Os territorios palestinos actuais atópanse divididos e deixados navegar á deriva, á súa sorte, pola comunidade internacional.

Gaza é un inmenso campo de refuxiados, cunha densidade de poboación que supera a maioría de rexións superpoboadas do planeta, e onde as condicións de vida da xente son lamentables por culpa do bloqueo que exerce Israel sobre a zona. En xaneiro de 2009, Israel non só asasinou a máis de 1.500 persoas na Franxa de Gaza durante 20 días de bombardeos, senón que destruíu casas, desarticulou hospitais, bombardeou escolas, aniquilou vías de comunicación e, para rematar o masacre, impuxo un bloqueo económico e comercial á rexión co resto dos países do mundo. Como

recentemente se ten demostrado (despois do asalto aos barcos da liberdade e ao asasinato de, polo menos, 14 activistas polos dereitos humanos), Israel nin sequera permite o acceso de axuda humanitaria á Franxa de Gaza.

Cisjordania, a outra cabeza dos territorios ocupados palestinos, tamén vive o seu drama. A liña verde que delimitaba o estado de Israel en 1967 xa non serve como fronteira real, e cada vez menos territorio pode ser considerado palestino. A actual Cisjordania practicamente dá por perdida a súa reivindicación histórica de capitalidade en Xerusalén (Al-Quds). E ademais, todo o seu territorio atópase tan enormemente dividido que un mapa da rexión que, segundo Nacións Unidas, debería controlar



Palestina quedaría reducido a un arquipélago de pequenas e divididas illas nun enorme mar de armas e violencia israelí.

A pesar das dificultades para explicar o conflito entre palestinas/os e israelís e que ano tras ano sementa e recolle o odio e a desesperación en Oriente Medio, existe unha realidade que non se pode obviar de ningún xeito: máis dun 50% das persoas que hai 60 anos vivían nos territorios palestinos actualmente atópanse no exilio, ben en campos de refuxiados nos países veciños, ben en países europeos ou americanos. Existe, ademais, unha poboación que leva décadas sufrindo tratos crucis, humillantes situacións cotiás, vengonzosas violacións de dereitos... Existe, en definitiva, un conflito desigual onde as pedras e as tirafondas palestinas nunca poderán competir cos tanques israelís. Ante este desequilibrio, a nosa obriga é situarnos do lado do máis feble, de quen máis sofre, de quen segue sendo acosado polo terror político-militar.

*Existen dúas potencias mundiais:
unha é EEUU; a outra es ti.*

José Saramago

Nós, lonxanas/os fisicamente a este conflito, pero cercanas/os nos nosos desexos de respecto aos dereitos humanos máis básicos, non podemos deixar de berrar contra as inxustizas. Non podemos deixar de dar voz ás/aos que non poden falar polas mordazas, de unirnos á esperanza de liberdade das/os oprimidas/os do planeta... Non podemos parar mentres haxa unha soa persoa que non atope o seu sorriso, perdido entre a violencia dos poderosos. Non podemos ser cómplices desta miseria.

Palestina, cargada de dignidade e de esperanza, non require nada máis que unha pequena ración desa xustiza que tanto necesita o planeta Terra. Cadaquén de nós, cada unha das persoas que temos a palabra esperanza tatuada no corazón, temos no noso poder a posibilidade de mudar unha

historia escrita con pólvora e pintada de vermello-sangue. Podemos escribir unha nova historia, que conte como acabar coa miseria provocada polos países enriquecidos, frear a mudanza climática, devolverlle á Terra a vida roubada polo ser humano, eliminar todas as enfermidades curables dos países empobrecidos, derrocar o capitalismo asasino e a súa clase dirixente e acadar, en definitiva, a xustiza social e ecolóxica nun universo de respecto, igualdade e empatía. Podemos debuxar a utopía cos nosos lapis.

Palestina e o México indíxena necesitan de nós. O Congo esclavo do coltán e o Sáhara ocupado necesitan de nós. A Europa podrida na autosatisfacción e os EEUU obsesivamente enfermos de violencia, necesitan de nós. Todo o planeta necesita de nós... Ímonos quedar mirando?

Temos que acompañar todas as loitas.

Temos que sentir, compañeiros,

dunha vez por todas que o outro son eu.

Todos os que sofren e loitan, somos eu

Nais da Praza de Maio de Argentina

CHARLA SOBRE ANTROPOLOXÍA



O antropólogo X.R. Marino Ferro falando aos alumnos de 1º Bach.



Nun momento da charla abordando o tema do casamento

CHIAPAS, UNHA MIRADA INDÍXENA



Un membro do colectivo PallasosEmRebelión falando sobre os problemas que sofren os indíxenas en Chiapas



O TEATRO DO OPRIMIDO. “ PROXECTO TROCANDO PELES”



Ao final da representación alumnos e actores





O DÍADO XOGO POPULARE TRADICIONAL



OBRADOIRO DE ESCRITURA



Alumnos de 3º ESO B seguindo as pautas do profesor Lillo Redonet



Papiros, un colar de escravo e ilustracións alusivas á escritura antiga



En primer plano, o traballo dun alumno que significa "o meu amor por ti"

OBRADOIRO DE ILUSTRACIÓN

Obradoiro de Ilustración por Anxo Fariña

Dentro da Semana Cultural do IES, o xoves 15 de abril veu ao noso instituto Anxo Fariña, para impartir un obradoiro sobre ilustración aos alumnos/as de 1º de ESO. El é escritor e ilustrador. Estivo aquí sobre unha hora e estivemos falando dos seus libros, das súas ilustracións, dalgúns trucos para facer debuxos sinxelos...

A súa serie máis coñecida é *Os megatoxas* que xa ten tres libros, dos que, por certo, nos fixo debuxos de dous protagonistas e estes libros son os seguintes:

- Os megatoxas e o aprendiz de druida*
- Os megatoxas e a espada Esmeralda*
- Os megatoxas e os templarios da luz*

Amosounos un vídeo para ensinarnos o difícil que lle resulta colorear os debuxos e dixo que lles daba moitas voltas porque quería transmitir as texturas das cousas.


Como xa dixen, el ensinounos uns trucos á hora de debuxar unha cara e amósovolos:

C O, U, L, CT



O noso encontro con Anxo foi moi bonito e gustoume moito, espero que para o ano volva vir.

Alba Martínez Ferreiro 1ºB



Anxo Fariña debuxando



Alumnos de 1º ESO atentos ás explicacións





VIAXE A ROMA DOS ALUMNOS DE AUTOMOCIÓN

Febreiro do 2010

Só dous elementos impediron que a viaxe que os alumnos de primeiro de automoción fixeron a Roma fose marabillosamente perfecta:

□ A climatoloxía, pois choveu todos os días e incluso un día caeu unha grande nevarada, despois de corenta e catro anos sen que a neve visitase esta cidade.

□ A crise económica, que fixo que a feira de automoción se convertese nunha pequena mostra, contando con poucos expositores.

Polo demais, Roma, a cidade eterna, segue mostrándose como unha cidade marabillosa, chea de vida e de beleza; desbotando tópicos como o de que é unha urbe pouco limpa.

Dos tres días reais que durou a visita, pois non paga a pena contar o de chegada e o de saída, soamente un se dedicou a visitar a feira, pois nin pola extensión nin polas súas novidades cumpría dedicarlle máis tempo. Destacaban algúns vehículos eléctricos e os híbridos. Concretamente, dentro dos eléctricos podemos destacar un de gran beleza, moi dentro do estilo do deseño italiano, e parecido ao que aquí hai anos chamabamos motocarro, pero eléctrico. O resto dos días dedicámoslos a visitar Roma, como xa puidestes ver

nas fotos que se expuxeron no Centro: o Coliseo, o Vaticano, o Castelo de San Angelo, hoxe convertido en museo, a Fontana de Trevi, etc.

Hospedámonos no Hotel Pyram de catro estrelas, que é unha regalía para o visitante, situado preto da Estación de Termini, sorprende tanto polas súas instalacións e decoración coma polo bo trato e a amabilidade coa que te agasallan os traballadores deste establecemento. Afortunadamente, encontrámo-lo nunha oferta na páxina de internet de Iberia, e saímos moi económico. A oferta incluía un delicioso almuerzo buffet.

Isto combinado cos voos baratos, que oferta dende Santiago Ryan Air, fixo que a viaxe fose moi asequible economicamente.

No tocante á gastronomía, tamén encontramos unha "trattoria" no Trastevere, preto da Praza de Sta María de Trastevere, cunha cociña tradicional excepcional. Tiña unha carta na que destacaban os seus risotos, ensaladas, pizzas e pasta. Todo cun sabor moi característico, pero moi agradable e boa calidade, o que casaba cuns prezos asequibles para o peto duns estudantes coma nós.

Tamén destaca en Roma a organización do transporte urbano onde se

combinan axilmente o metro –con só dúas liñas–, o autobús, o tranvía e o tren de cercanía; isto fai que os desprazamentos dentro da cidade sexan rápidos e cómodos.

En resumo, unha cidade moi bonita e que, polo menos na época na que nós a visitamos, resulta unha viaxe moi barata polo que vos animamos a que alí viaades.

Ah, si, a marcha nocturna, esqueciámonos, pois era escasa; só na Praza Navona encontramos algo, dende logo moita menos que en Ordes. En algo lle tiñamos que gañar.

Alumnos e profesores de Automoción



MODELO ELÉCTRICO DA FEIRA DE ROMA



ALUMNOS NA FEIRA DE ROMA DE AUTOMOCIÓN

VIAXE A EXTREMADURA E SALAMANCA DOS ALUMNOS DE 1º E 2º BACHARELATO

7-10 Abril do 2010

Non abundan as palabras para narrar a experiencia vivida na excursión realizada á comunidade de Extremadura, Salamanca e á cidade de Cáceres.

Deixando á marxe o desenvolvemento cronolóxico dos feitos, comezarei espoñendo o visto en Mérida, centro cultural, no que salienta sobre toda a súa enxeñería da construción, o gran anfiteatro, restaurado nas súas bancadas e outros pequenos aspectos irrelevantes, que te fai sentir como un

máis da época, rememorar por un momento todas esas películas vistas durante toda a túa vida preguntándote se iso podía ser certo ou simplemente formaba parte dunha ficción perfectamente organizada. Pero, ademais, tamén visitamos o teatro romano e a casa do Mitreo –dentro da visita guiada– e o Museo Nacional de Arte Romana, edificio este deseñado por Rafael Moneo e que vimos pola nosa conta.

Da cidade de Salamanca debemos destacar, baixo o meu punto de vista, a gran Praza Maior, da que partiu a visita

guiada –excelente, por certo–, na que a xente desenvolve a miúdo tradicións non moi velhas, como pode ser a de sentarse ou deitarse nela, sobre todo durante as tardiñas salmantinas, así como noutrora citarse en lugares como Venus ou Marte, metaforizados en figuras talladas a man sobre unha parede próxima á Praza Maior. Non debemos esquecer tampouco outros monumentos que visitamos aquí como a catedral nova, a universidade –con tantas anécdotas!–, a Casa das Conchas, a universidade pontificia... Pero para min o mellor desta cidade é



sensación de liberdade que experimentamos todos na Praza Maior; aínda que estaba ategada de xente, esa sensación de confusión entre soño e realidade que se vive ao verte rodeado de todos os teus compañeiros nunha terraza dunha cidade histórica e cultural, onde se mesturan países, razas e culturas, é algo moi bonito de ver, pero, sobre todo, moi doado e agradable de experimentar.

Támén sobresaí, para a maioría dos participantes na excursión, o mosteiro de Guadalupe e, no seu interior, todas as súas riquezas. Teño que facer referencia obrigada á figura do guía que nese mosteiro nos acompañou, pola súa forma de describir os distintos apartados e todo o contido do museo, a modo de "elegante reiseñor", de xeito que, senón alegre, si resultaba gracioso e, por veces, humorístico.

E tamén a visita a Cáceres, na que fixo de "cicerone" a directora, Dolores. E, por suposto, a camiñada polo parque de Monfragüe ata chegar ao castelo árabe

que está na súa cima, así como a pequena e encantadora ermida da Nosa Señora de Monfragüe.

Xa como experiencias máis persoais, miñas e de todos os meus compañeiros durante a viaxe, debemos subliñar o compañeirismo que se desprendía, sen altercados nin problemas maiores; penso que todos gañamos como persoas, con este tipo de experiencias maduramos e gañamos novas amizades que, ao fin e ao cabo, é o mellor da adolescencia.

En canto ao aloxamento, as profesoras levaron a cabo un gran esforzo e proporcionáronnos uns hoteis pouco menos que de cinco estrelas, nos que nos sentimos en todo momento moi a gusto, con moi boa comida e, por suposto, confortables.

Por último só me queda, e falo no nome de todos os meus compañeiros, agradecerlles a elas, as organizadoras, todo o esforzo realizado para que esta excursión saíse adiante, pois sabemos

que romperon abondo a cabeza, pero sempre o fixeron con moita ilusión. Grazas por todo, foi unha gran excursión da que todos falamos cando estamos xuntos en momentos puntuais e que, por suposto, nun e a esqueceremos.



DANIEL REY VIDAL

2º Bach, D



No Praza da Universidade ante a estatua de Fray Luís de León



No alto do Parque de Monfragüe (Cáceres)

VISITA Á DOMUS, CASA DAS CIENCIAS E STA. MA DE CAMBRE DOS ALUMNOS DE 2º ESO

28 de abril do 2010



EXCURSIÓN Á DIOCESE DE MONDOÑEDO - FERROL

O día tres de maio de 2010, os alumnos de 2º, 3º e 4º de ESO asistimos a unha actividade programada polo departamento de Relixión. Visitamos a diocese de Mondoñedo-Ferrol. Foi unha viaxe máis pola xeografía de Galicia, pero tamén supuxo unha mirada atrás no tempo e na historia.

O primeiro lugar que visitamos foi Mondoñedo e a súa catedral, que foi declarada monumento nacional en 1902 (comezouse a construír no 1219). Acolle varios estilos debido ás sucesivas ampliacións e reformas ao longo do

tempo. Na porta principal e na ábsida maior pódense ver as súas orixes románicas. Do estilo gótico destaca o rosetón duns cinco metros de diámetro, con vidreiras polieromadas na fachada occidental, e tamén o cadeirado do coro tallado en madeira de nogueira. Na nave central hai pinturas que están situadas debaixo dos órganos e que fan alusión ao relato bíblico da Degolación dos Inocentes e a pasaxes da vida de San Pedro.

A catedral actual é un edificio de tres naves con bóveda de cruzaría sobre

arcos oxivais. A fachada do templo componse de tres grandes naves con grandes escudos. No século XVII remodelouse a fachada e engadíronse as dúas torres.

Despois de visitar a catedral e dar unha volta por Mondoñedo, desprazámonos a San Martiño de Mondoñedo (antiga sé episcopal, considerado monumento nacional), que se atopa moi preto de Foz. A súa orixe remóntase a mediados do século IX, cando un conxunto de monxes se asentaron cerca do mar Cantábrico. No 866, o bispado de



cedeu terreos ao norte do seu territorio, próximo ao Cantábrico, dando orixe á diocese mondoñense e creouse o Mosteiro de San Martín de Mondoñedo como sé da mesma. Debido á súa proximidade ao mar e ao perigo de invasións dos pobos do norte (normandos e vikingos), os bispos viron a necesidade de trasladarse a terras interiores. Consequiron a autorización do Papa e dos monarcas para trasladar a diocese á actual. Entón decidiron o inicio da construción da actual catedral de Mondoñedo, arredor de 1112.

San Martiño de Mondoñedo está considerada como a catedral máis antiga de España e nos seus tempos foi sé episcopal do Reino de Galicia. Dende o 870 d.C ata o 1112 d.C aproximadamente, foi sé episcopal pola que pasaron 15 bispos diferentes. O seu bo estado de conservación é debido a que no século XIX (1860 d.C) foi restaurada por Francisco Lanta que rematou a cabeceira do monumento e que, ademais, lle deu un aspecto de fortaleza medieval. Estes contrafortes servían e serven para que a fachada exterior non se veña abaixo. Nos anos 2007-08 tamén se realizaron obras de restauración nas que se recuperaron pinturas murais.

Esta obra de arte é de estilo románico. Foi construída entres os séculos IX e X. Os restos máis primitivos de este templo datan do século XI e forman parte do muro da antiga igrexa prerrománica. Ten planta basilical cun cruceiro, as naves rematan con tres ábsidas semicirculares que conforman a cabeceira. Do seu interior destacan os

capiteis nos que se poden ver decoracións vexetais, animais con cabezas de home, pasaxes bíblicas como a decapitación do Bautista... No altar maior hai unha peza única labrada en pedra caliza datada do IX. Está composta por dúas pezas desiguais unidas entre si, na que se poden observar ilustracións de Xesucristo en Maxestade cunha seire de anxos, o Cordeiro Pascual, ordenación sacerdotal e episcopal...

Esta catedral tamén posúe un amplo conxunto de pinturas, todas situadas na cabeceira e con temática relixiosa de diferentes épocas, dende pinturas románicas ata renacentistas. A fachada oeste é do XII, nela obsérvase un pórtico con catro columnas, dúas de pedra e dúas de mármore, cun tímpano que descansa sobre un dintel tallado cun crismón. Enriba está o Cordeiro Pascual ou Agnus Dei.

Ao rematar esta visita, collemos o autobús para ir á costa dos municipios de Barreiros e Ribadeo (as últimas vilas de Galicia antes de Asturias), onde se atopa a Praia das Catedrais, considerada monumento natural. Trátase dunha rede labiríntica de galerías, covas, arcos rochosos, illotes e bufadeiros erosionados polo mar, debido á debilidade da rocha. Logo visitamos Ribadeo, a última vila de Galicia antes de Asturias, lugar no que comemos libremente. Ao remate da comida volvemos ao autobús, xa que nos esperaban dúas longas horas de viaxe de volta.

Para que vos fagades unha idea da saída, aquí tedes algunhas das nosas opinións:

O que máis me gustou foi San Martiño de Mondoñedo, porque é a catedral máis antiga de España, e en mellor estado. O único que non me gustou é que a viaxe en autobús era moi longa.

Para min o máis bonito foi a praia das Catedrais, un magnífico exemplo de erosión mariña, e unhas covas impresionantes, aínda que non puidemos ver os arcos máis grandes, debido a que a marea estaba moi alta. Tamén estivo moi ben a catedral de Mondoñedo, porque dende o interior o rosetón iluminaba moi ben o interior, cunha lixeira mestura de cores polos diferentes tons do rosetón. Foi unha excursión moi interesante, pero gustaríame que tivéssemos máis tempo libre, pero non foi posible porque tiñamos que voltar antes das seis e vinte da tarde.

2º ESO





XORNADA MICOLÓXICA

REGRAS PARA A RECOLLIDA DE COGOMELOS

1. Recoller só as especies que se coñezan ben e sexan comestibles.

2. Debemos cortar os cogomelos polo pé con un coñeteo ou unha navalla de folla estreita para non destruír o micelio, que é a parte subterránea do cogomelo.

3. Non existe ningunha regra para saber se un cogomelo é venenoso ou comestible, só depende dunha exacta clasificación botánica polas súas características macro e microscópicas. Polo tanto as seguintes probas non valen para nada:

□ Introducir unha moeda de prata nun guiso.

□ Introducir allos no guiso.

□ As comidas por animais (lesmas, roedores, etc.)

□ A zona que xa coñecemos de recollida sempre produce cogomelos bos.

□ Non se pode confundir certa persoa entendida que os coñece ben.

1. Non consumir cogomelos que teñan as seguintes características:

□ Volva con láminas amarelas e anel de cor branca, amarela ou verdosa (Amanita).

□ Cogomelos pequenos ou medianos (5 cm. de diámetro) con láminas brancas (Lepiota).

□ Cogomelos de moi pequeno porte (1 cm. de diámetro) de madeira (Galerina) ou que medren en praderías (Psilocybe).

2. Non consumir cogomelos moi maduros ou en estado de podrencia (con verme, con mal olor).

3. Asistir a exposicións micolóxicas, pertencer a algunha sociedade micolóxica, manexar libros especializados conleva a coñecer mellor os cogomelos. Nunca intentar

coñecer moitos cogomelos en pouco tempo. A experiencia obtense polo traballo persoal e por recollelas no campo a miúdo.

4. Utilizar para a recollida de cogomelos cestas e unha navalla, nunca bolsas. Non conservar os cogomelos demasiado tempo sen consumilos.

5. No caso de alteracións gástricas ou malestar xeral, acudir inmediatamente a un centro hospitalario. É moi importante o diagnóstico e o tratamento rápido nas intoxicacións por cogomelos.

INSTITUTO NACIONAL DE TOXICOLOXÍA Tel. 915620420.

6. Danar o menos posible os nosos campos e bosques ao recoller cogomelos e deixar aqueles que non coñezamos porque xogan un importante papel na natureza e equilibrio ecolóxico.

¡MOI IMPOTANTE! Se recolliches cogomelos no monte e non estás segur@ de se son ou non comestibles, consulta cun expert@; se tes dificultades en atopar alguén que te aconselle, o mellor que podes facer é botalos ao lixo. ANTE A DÚBIDA, NON OS CONSUMAS XAMAIS.



Distintos tipos de amanitas recollidas

Temos que ser conscientes que o bosque é un ecosistema complexo e que a nosa actuación ao recoller cogomelos, pode estragalo se non se toman precaucións como a de non rascar o solo ou o húmus vexetal con angazos ou outras ferramentas.

Deben collerse tan só os cogomelos que coñezamos ben, evitando destruír ou

preparar os outros. Os cogomelos son seres vivos e todos teñen a súa función na natureza, mesmo os máis tóxicos ou venenosos.

Collede só os exemplares sans e adultos. Os exemplares vellos ou podres, que seguramente desbotemos, poden espurular no bosque e contribuír ao nacemento de novos cogomelos, polo menos servirán como alimento doutros seres vivos.

Por último, lembre que o mellor recolledor de cogomelos non é o que chega a casa con máis cestas cheas, senón aquel que despois de saír do bosque, non deixa ningún resto ou pisada visible da súa estancia.



O expositor organizado coas mostras

DECÁLOGO DO BUSCADOR DE COGOMELOS

1.- Ante a dúbida, no o colla. Se non está seguro de que é comestible, déixeo o se o colleu tiroo.

2.- Se non o coñece, déixeo. Non o estropee, dándolle unha patada ou rompéndoo, pode vir detrás de vostede alguén que si o coñeza, e ademais todos teñen algunha misión na natureza.

3.- Non os recolla todos. Deixar sempre algúns para que ao dispersar as súas esporas, nos próximos anos siga habendo cogomelos.

4.- Cortar os cogomelos con navalla. Non arrincalos para non estropear o micelio subterráneo que na próxima recolleita dará máis cogomelos e non manchará os outros na cesta.



5.- Non usar recipientes pechados. Utilizar caldeiros ou cestos de vimbo abertos (se teñen buratos mellor), para que non fermenten rapidamente e resulten indixestos. Nunca empregue bolsas de plástico.

6.- Non facer caso de tradicións para o seu recoñecemento. Estudar ben o cogomelo e se non está seguro de non ser venenoso non o consuma. Non se fte de tradicións como que ennegrecen

unha culleriña de prata ou unha moeda, ou as comidas por animais, vinagre,...

7.- Por se acaso deixe unha mostra no frigorífico de cada especie que consuma. En caso de intoxicación o médico poderá actuar máis rapidamente.

8.- Non recolla os cogomelos que vexa con láminas brancas, anel, volva e sombreiro branco-amarelento ou verdoso, poden ser Amanitas, os máis

venenosos de todos.

9.- Non consuma os cogomelos fermentados, mesmo os comestibles, poderían ser indixestos.

10.- EN CASO DE INTOXICACIÓN IR RÁPIDO AO MÉDICO (se é posible con unha mostra dos cogomelos que consumiu) e (en España) chamar ao INSTITUTO NACIONAL DE TOXICOLOXÍA de Madrid (915620420).

Paco Martín é un escritor de Lugo que nos veu visitar o día 23 de febreiro de 2010 ao instituto. Como é de esperar, os meus compañeiros de 1º ESO fixéronlle preguntas sobre un libro seu que lemos con anterioridade, *Das cousas de Ramón Lamote*.

O encontro foi moi ameno, tendo en conta que é un home dunha certa idade. Nótase que é unha persoa estudada e culta, fala moi ben e ten moi bo saber estar.

A pregunta máis típica de entre as que lle fixeron é "canto tempo se tarda en facer un libro" e el dixo que sobre un ano e, ademais, contou as seguintes anécdotas:

Un día chegoulle unha carta que poñía Ramón Lamote no remitente e, como é lóxico, pareceulle unha burla ou broma que acatou con moito sentido do humor. Pero, claro, a broma foi máis alá e decatouse de que ese home existía de certo cando o chamou dicíndolle que estaba en Lugo e desexaba coñecelo. A

Paco pareceulle unha persoa merible ao ver o esforzo que fixera vindo dende Tortosa ata Lugo, só para coñecelo.

Dende que pasou o de Ramón, Paco prometeuse non facer unha continuación do libro, por respecto, aínda que moitos lla pedían. Finalmente, rematou por escribila e se nun principio non foi do seu agrado, si do agrado da amiga dun coñecido seu, que estaba moi enferma e "namorada" da primeira parte e, cando morreu, sentiuse obrigado a escribir *Das novas cousas de Ramón Lamote* (2008).

Outra das preguntas que lle fixeron foi se lle gustaría facer unha película sobre o libro, algo que lle resultou moi gracioso; incluso dixo que para rodar a película debería contratar o galardoado nos Goya hai pouco, o actor Luís Tosar. Seica os lucenses se levan moi ben.

O seu libro está dedicado a toda a xente que, por dicilo así, o atura cando está a escribir un libro: nese momento, a súa familia e os seus alumnos.

ENCANTO CON PACO MARTÍN

Nunha ocasión tívose que presentar a un concurso de "O Barco de Vapor", porque se metera nuns gastos e precisaba dos cartos do premio, pero o restantes galardóns foron sen presentarse a ningún.

Ao final do encontro asinounos, con todo o seu cariño, o libro que leramos durante este trimestre, *Das cousas de Ramón Lamote*, e animounos a que leramos, porque ler, se che gusta de verdade, é un pracer. Tamén nos alentou a que escribísemos, como ben fai el.



CARMEN IGLESIAS ÁLVAREZ

1º ESO B



Laura e Alba presentando a Paco Martín

HOSPITAL DE BRUMA - ORDES

O pasado xoves 22 de maio realizamos unha excursión de sendeirismo dende Hospital de Bruma ata Ordes. Acompañáranos os seguintes profesores:

□ Antón Bravo, profesor de Educación Física.

□ Eduardo Ramos, profesor de Ciencias da Natureza.

□ José Antonio Pérez, profesor de Ciencias Sociais.

Xantamos ao chegar ao Hospital de Bruma, nun parque que estaba preto del; despois de xantar, Antón deunos unha charla e logo comezamos a camiñata.

SENDEIRISMO CON ALUMNOS 1º ESO

Cando iamos camiñando atopamos un burro que estaba atado a un poste, tamén vimos cabalos e unha árbore asombrosamente vella (cun tronco moi ancho e alto), debía ter preto de 60 anos.

Pasamos por unha chea de vilas como, por exemplo, Pererra, Poulo, Buscás...

Cando pasamos por Buscás paramos na igrexa de San Paio e José Antonio



explicounos as partes do arco da súa porta e díxonos que se basaron na arquitectura romana para facelo.

Ao chegarmos a Poullo fixemos unha pequena parada no bar O Cruceiro para tomar a merenda e fixeime no cartel que poñía: "que falaban inglés, italiano..." ¿Sería verdade ou sería unha pequena broma?

O primeiro que fixemos ao chegar ao instituto foi deixar as nosas cousas, descalzarnos na herba e facer uns

ORDES - SIGÜEIRO

A primeira ruta feita por nós, os alumnos e alumnas de primeiro de ESO, foi un xoves dende o noso instituto ata Sigüeiro.

Moitos dos que estades a ler este texto pensaredes: "que cansas traerían as pernas despois de percorrer arredor de dezasete quilómetros!" Pois si, a verdade viñamos todos moi cansos pero tamén moi ledos con esta nova experiencia que a maioría aínda nunca aprobara.

Saímos a mediodía, andaría o reloxo rondando a unha e media da tarde. Os profesores que nos acompañaban, Antón e José Antonio (de ximnasia e ciencias sociais), fixéronnos unhas fotos antes de saír rumbo a Sigüeiro.

Levavamos unhas cantas sesións preparando esta saída en contacto coa natureza. Algúns mércores, a clase de 1º B a primeira hora da mañá, saía por Vilar a camiñar e así ensinar o camiño ata Pereira.

Alí en Pereira foi onde paramos para comer, cada un coa súa mochila pequena, excepto o titor de 1º B, José Antonio, que parecía que levaba as nosas e máis a del. Iso de que levase tanta comida non estivo mal de todo, pois quen quixera podía comer un bocadillo "pimpollo" como el mesmo o bautizou.

Ao acabar de comer emprendemos de novo o camiño. As rectas eran case interminables: dende abaixo vías a

exercicios de estiramento para logo non ter manotas.

Na miña opinión estivo moi ben esta excursión de senderismo.

Foi didáctica e moi divertida.

Felicidades por ela, Antón!



ANABEL
LUACES GÓMEZ

1º ESOA

costa arriba e parecíache que na vida a darías subido pero, como todo, se non o intentas nunca o saberás.

Foi un día no que houbo sol nalgúnas horas e choveu noutras, o que nos refrescaba despois de estar andando tanto tempo; aínda que tamén tiña o problema de que os sitios onde estando seco hai terra normal, cando chovía había barro e a moitos espetábensenos os pés.

Os profesores son moi diferentes nas saídas, había veces que falaban con nós de cousas que, a dicir verdade, interesábanos.

Nesta ruta podíaste relacionar cos teus amigos da outra clase durante un longo período de tempo, non era a típica media hora do recreo, na que pasas 15 minutos esperando polo bocadillo na cafetería. Sempre que víamos un sitio onde sentar, botabamos todos a correr para que non cho collesen, mentres outros, ao mellor, ían a algunha casa a pedirauga.

Chegamos case eufóricos ao polígono de Sigüeiro da alegría que vos daba completar todo o camiño.

Case todos faciamos acenos para que os condutores de camións pitasen. Estabamos a piques de chegar ao paseo fluvial onde merendaríamos e xogaríamos a pasar por debaixo dunha especie de ponte e mollar os pés ou algo máis...

Dende alí seguimos andando en dirección ao autobús.



Xa dentro do autobús, todos suspiramos ao por fin podermos sentar nun asento cómodo!

E viñemos de novo ata o instituto para encontrarmos a maioría cos nosos pais, chegar á casa e pegarnos unha ducha en auga quente e durmir toda a noite ata o día seguinte porque o peor era que ao día seguinte había clase! E como era lóxico, moitos estábamos con maniotas.



CARMEN
IGLESIAS ALVAREZ

1º ESOB

A miña opinión persoal é que paga a pena facer un esforzo por realizar esta camiñata porque coñeces sitios novos e relaciónaste cos teus amigos. Aínda que nesta camiñata o pasei un pouco mal nos días seguintes porque me doían os pés moito, pero foi moi divertido e foi mellor esta cá outra que fixemos. E aos que non foron eu aconsellaríalles que fosen.



CRISTIAN
CALVO DE JESUS





VISITA Á POTABILIZADORA, DEPURADORA E CENTRO COMARCAL COS ALUMNOS DE 1º ESO



NO CENTRO COMARCAL



NA VISITA Á DEPURADORA



NA VISITA Á POTABILIZADORA



OBRADOIRO SOBRE O CAMBIO CLIMÁTICO COS ALUMNOS DE 1º E 3º ESO



ALUMNOS 1º ESO



ALUMNOS 3º ESO



ALUMNOS 3º ESO

CHARLA EN INGLÉS SOBRE AUSTRALIA POR ROBIN WALKER



Australia

ROBIN WALKER

Unhas semanas atrás tivemos unha charla sobre a Australia, que nos deu Robin Walker e organizada polo Departamento de Inglés. Foi moi agradable e mantivo a nosa atención todo o tempo, debido á súa experiencia e habilidade traballando con adolescentes. Comezou por presentarse, pero dun xeito particular, xa que explicou todo con cousas familiares para nós ou empregando incluso algunhas palabras en español e galego. Relacionou o seu nome co personaxe de Robin Hood, o que rouba dos ricos para darlo aos pobres, e o seu apelido, Walker, coa persoa que camíña. Falou moi lentamente e dunha maneira moi fluida, para que todos o puideramos entender, incluso persoas que non están afeitadas a escoitar inglés. Ademais, dixo que se non o entendiamos, que lle dixéramos e que falaría máis de vagar. Tamén xesticulaba moito, para espertar a súa explicación mellor.

Como diuen, falou sobre a Australia: sobre a súa historia, as súas cidades, curiosidades... Por exemplo, falounos sobre os pobos indíxenas que viviran hai moitos anos antes de que a colonización tivera lugar e como eles foron maltratados polos exploradores ingleses. Tamén falou sobre James Cook, que navegou ata a costa leste de Australia e fixo un mapa bastante preciso da mesma, permitindo a súa colonización. É por iso que é considerado o descubridor de Australia, aínda que o descubrimento real ocorrera 250 anos atrás, por un portugués. Tamén nos dixo que en 1788, foi colonizada por prisioneiros ingleses que fundaron a Sydney actual, algo que nos abraoiu. Falounos sobre esa cidade, sobre a Opera House, Harbour Bridge, o seu estilo de vida... e moitas outras cousas. E rematou dicindo que, se podemos, visitemos Australia.

Polo tanto, foi unha actividade interesante e agradable, algúns din que foi a mellor que tivemos, e esperamos que algo así se repita.

A few weeks ago, we had a lecture on Australia, by Robin Walker and organized by the English department. It was very pleasant and he kept our attention all the time due to his experience and expertise working with teenagers. He began by introducing himself, but in a particular way, as he explained everything with familiar things or using even some words in Spanish and Galician. He related his name to the character of Robin Hood, who stole from the rich to give to the poor, and his surname, Walker, with a person who walks. He spoke very slowly and fluently so that everyone could understand him, even people who aren't used to listening to English. Moreover, he said that if we didn't understand him, we should say so and he would speak more slowly. He also gesticulated a lot, to make his explanation better.

As I said, he spoke about Australia: about its history, its cities, curiosities... For example, he told us about the native people who had lived there many years before the colonization had taken place and how badly they were treated by the English explorers. He also spoke about James Cook, who sailed up the east coast of Australia and he made a fairly accurate map of it, allowing its colonization. That's why he is considered the discoverer of Australia, even though the real discovery had occurred 250 years before, by the Portuguese. He also told us that in 1788 it was colonized by English convicts who founded the actual Sydney, something which surprised us. He told us about that city, about the Opera House, Harbour Bridge, its lifestyle... and many other things. He finished by saying that if we can, we should visit Australia.

Therefore, it was a very interesting and enjoyable activity -some voices say it was the best- and we hope something like this will be repeated.



FERNANDO NÚÑEZ SÁNCHEZ
(1º Bach. B)



ACTUACIÓN DO CONTACONTOS CÁNDIDO PAZÓ DENTRO DA SEMANA DAS LETRAS GALEGAS (ORGANIZADA POLO EDLG)



INTERCAMBIO IES MIGUEL ÁNGEL GONZÁLEZ ESTÉVEZ DE CARRIL - IES N°1 DE ORDES COS ALUMNOS DE 4º ESO (EDLG)

INTERCAMBIO EN ORDES - DÍA 4 DE MAIO

Roteiro do río Mercurián

Neste primeiro día de convivencia saímos ás 8:45 h do instituto en dirección á estación de RENFE (Fosado). Cando chegaron os alumnos e profesores de Carril saudámonos a un para comezar a coñecernos e deixar de lado a vergoña.

De volta en Ordes, tivemos tempo para almorzar, cousa da que noutras excursións non dispoñemos. Ó rematar fomos á casa do concello onde nos recibiu o alcalde que logo fixo un tramo do roteiro. Saímos de alí e comezamos o roteiro duns 15 km. Dividiuse en dúas etapas e unha parada pola metade para xantar. No primeiro tramo paseino bastante ben, a camiñata foi bastante levadeira, houbo algúns incidentes graciosos e mantivemos pequenas conversas cos alumnos e profesores de Carril. Ós alumnos de Carril non lles gustou moito porque se queixaban a cada pouco de que o camiño estaba moi embarrado e había auga apozada nalgúns lugares. Na parada para xantar estivemos distantes os dun instituto e os doutro. Ó rematarmos de comer completamos o roteiro coa volta a Ordes. Polo camiño xa se mantiveron algunhas conversas máis, ben entre os alumnos ou ben cos profesores de Carril, que eran moi agradables. Houbo tamén algún incidente co que todos nos rimos.

Ó chegar a Ordes tivemos un pouco de

tempo para descansar e volver ó concello para recoller uns agasallos por parte de alcalde.

Nesa volta ó concello foi cando máis nos relacionamos cos de Carril, que me pareceron moi agradables.

A continuación dirixímonos ó instituto, que ós alumnos de Carril lles gustou bastante máis có seu. No salón de actos vimos as fotos realizadas durante o percorrido.

Por último levamos ós alumnos de Carril á estación para que regresasen, despedímonos e pola nosa parte volvimos a Ordes. En conclusión, este intercambio gustoume moito e creo que o teríamos que repetir outro ano.



Nas bancadas das vistas do IES

INTERCAMBIO EN VILAGARCÍA - DÍA 20 DE MAIO

Visita a Vilagarcía e a praia da Illa de Arousa

Este segundo día de convivencia cos alumnos e profesores de Carril, que foi máis agradable porque nos mantivemos en comunicación e pasámolo moito mellor, saímos da estación de RENFE (Fosado) sobre as 10 h da mañá.

Era a primeira vez que moitos de nós íamos en tren, eu era un deles. Ó principio cando estabamos de pé e se comezou a mover mareábame un pouco pero cando xa atopei sitio e sentei xa me encontraba mellor. Xogamos ás cartas e falamos para que o camiño a Vilagarcía fose máis curto.

Ó chegar a estación de Vilagarcía recibíronnos os profesores e alumnos de Carril. De aí leváronnos a unha especie de praza ou alameda e comentáronnos o programa previsto para o día. Percorremos o centro, onde puidemos ver prazas, o centro de ocio, conventos, moitísimas tendas, o porto... Gustoume moito Vilagarcía a pesar do pequeno que é o lugar.

Fomos visitar a casa do concello onde nos recibiu a alcaldesa e deunos uns folletos e unhas guías turísticas de Vilagarcía que me pareceron moi interesantes. Deixáronnos un tempo para comprar algo ou ben descansar e despois ir á estación de autobuses para trasladarnos á Illa de Arousa. Ó chegarmos alí, leváronnos a un campo de fútbol de herba artificial para xogar os que queríamos mentres os outros ían directamente á praia. No campo de fútbol foi onde mellor o pasei cos alumnos de Carril. Non tivemos problemas á hora de poñernos de acordo en como xogar dous partidos de fútbol 7 cun descanso pola metade, debido ás altas temperaturas que había, en lugar de xogar no campo completo. Nós gañamos un partido e o outro empatámolo.



Ó rematarmos de xogar puxemos os bañadores para ir á praia. Nada máis chegar deixamos as cousas e tirámonos de golpe á auga. Estivemos un pouco na auga e saímos para comer e tomar un pouco o sol. Unha cousa que fixemos mal: non botar, a maioría, protector solar. Como consecuencia, queimámonos case todos coa excepción dos que si o puxeron. O máis gracioso é que nos decatamos de que estábamos queimados no tren de volta a Ordes.

Na praia tamén o pasamos moi ben,

sobre todo xogando na auga.

Sobre as seis, volvemos a Vilagarcía e tivemos tempo de descansar antes de regresar á estación. Xa alí despedímonos e volvemos a Ordes.

Estes dous días estiveron moi ben e tiven a oportunidade de relacionarme con rapaces e rapazas castelán falantes e falarlles en galego para que o puidesen practicar.

Este intercambio habería que organizalo todos os anos para poder

contactar con alumnos doutros institutos e facer novos amigos e amigas.

4º ESO



ALEJANDRO
MIGUEZ REMUÑÁN



A ASCENSIÓN Á MOA

A ascensión á Moa é bastante difícil, pero se vas en compañía, a verdade é moi divertida. Hai moita diversidade de vexetación ou iso di porque eu o que máis vin foi toxo.

Alí habita en 1 km cadrado unha especie de carballo que só o hai no sur da Península Ibérica e o norte de Marrocos, chámalle carballo anano ou "quercus lusitánica", xunto a el tamén habitan outras especies como o "quercus robur", o "pinus pinaster", o "laurus nobilis", o "ilex aquifolium"...

No acceso a verdade é que hai que dar moitas voltas pero é moi bonito; se tes sorte, podes atopar algunhas mandas de cabalos bravos. A dificultade é

media-alta, supón bastante esforzo físico pero como xa dixen, paga a pena subir aquí. Desde o cumio vese a praia de Carnota, o Cabo de Fisterra, a ría de Corcubión, a desembocadura do río Xallas...

Despois desa ascensión o que mellor senta é comer un bocadillo e ir á praia de Carnota. E unha praia preciosa, é unha das máis preciosas. Cando fomos, nós pasámo-lo de marabilla, unha das mellores excursións que tiven. Grazas, profe.

2º ESO B



KEVIN PEÑA



Macizo granítico de 627 m de altura.



CAIXA GALICIA

ORDES



O Camiño Francés en Galicia

Sendeirismo 2009 - 2010

Proxecto colaborativo do ENDL do IES N.º 1 de Ordes e Concello de Ordes

Este curso andaremos o Camiño Francés no tramo galés. Faremos 7 etapas.

O Concello de Ordes e o ENDL do IES N.º 1 de Ordes subvencionan este proxecto, poñendo á disposición de toda a comunidade a posibilidade de facer unha actividade de sendeirismo a un prezo simbólico.

O inicio de cada tramo será o punto de chegada do anterior. A finais de ida e volta realizarase en autobús.

Axandanzas faranse todas en autobús, sendo sempre en autobús de Ordes ás 08:30 h.

Lugar de saída e chegada do grupo: Concello de Ordes. Teléfono: 981 682 002

Etapas do Camiño Francés O Cebreiro - Santiago de Compostela

ETAPA	ITINERARIO	QTM	DATA
1ª	O Cebreiro - Triacastela	20	10-04-2010
2ª	Triacastela - Sarria	19	17-04-2010
3ª	Sarria - Portomarin	22	08-05-2010
4ª	Portomarin - Palas do Rei	24	15-05-2010
5ª	Palas do Rei - Arzúa	28	22-05-2010
6ª	Arzúa - Arca	20	29-05-2010
7ª	Arca - Santiago	19	05-06-2010

Se queredes...

- ➔ facer unha actividade física na natureza: o sendeirismo
 - ➔ coñecer moito mellor a nosa terra: Galicia
 - ➔ compartir emocións, relacionarte e facer novas amizades
 - ➔ realizar unha actividade en familia
- ...esta é a actividade que precisades. Animádevos!

Material

Material

- ➔ **CALZADO** cómodo, impermeable, flexible, leve e de sola grosa... (flics ou zapallos. Se o tempo é moi seco, serven zapatillas de deporte).
- ➔ **CALCETINS** axustos dun grosor axeitado para manter os pés secos, que se adapten aos dedos e aos costuras para evitar rozaduras.
- ➔ **ROUPA** adecuada para camiñar, cómoda e ligada que permita liberdade de movementos, transpirable para que a suor non se pegue ao corpo. Os pantalóns non de sar cómodos e longos para evitar rozaduras coa ventilación.
- ➔ **MOCHILA** pequena. Evita ir cargado con pesos innecesarios.
- ➔ **BOLSAS** para o lixo (preferentemente de materiais reciclables).
- ➔ **LIBRETA PEQUENA E BOLÍGRAFO.**
- ➔ **CAMARA FOTOGRAFICA.**
- ➔ **BOTIQUIN** con axustos: gases, vendas, auga oxixenada, esparidrapo, desinfectante, analxésicos, repelente insectos, etc.
- ➔ **Unha vara ou bastón** poden ser útiles en terrenos accidentados, inestables, con desfiladeiros ou pendentes e evitar esforzos aos pés.

A Comida

A Comida

- ➔ **BOCADILLOS.**
- ➔ **FROITAS.**
- ➔ **BEBIDAS.** Amalior bebida á auga. Beber cada hora é non agardar a ter sede.
- ➔ **CHOCOLATE, GALLETAS OU BARRIÑAS DE CEREAIS** para repor enerxía.
- ➔ **FROITOS SECOS.**
- ➔ Camiñar despois dunha comida copiosa non é aconsellable.

Condicions para anotarse e pagamento das saídas

- ➔ **Prazo de inscrición:** até o mes anterior ao día da inscrición.
- ➔ As inscricións podense facer por teléfono 981 682 002 ou acudindo ao concello, Departamento de Educación, Mocidade e Discapacidade, e serán obxectivos no momento de pagalas.
- ➔ O número de prazos será limitado e as prazos concederense por orde de inscrición, tendo preferencia os empadronados de no concello de Ordes.
- ➔ Os menores de 16 anos teñen que ir acompañados dun adulto.
- ➔ É fundamental a puntualidade.
- ➔ O prezo é 7 € por persoa cativa/ate, incluíndo autobús e guía.



Concello de Ordes
Concello de Galicia
Concello de Voluntariado



ENL de
65 71 14 000



ALFONSO JOYEROS desde 1916

Rua Alfonso Senra 126
15680 Ordes - A Coruña
981 680 283

joyeor@alfonsojoyeros.com

LA **REPRO**
www.lareproordes.com
ordes@larepro.com

Hiperpapelería
Copistería
Ciber

hicoserin s.l.

Alfonso Senra, 61-63 Bajo
15680 Ordes - A Coruña

Tlfo: 981 682 512
Fax: 881 981 433



DAS COUSAS DE RAMÓN LAMOTE



ANA GARCÍA GÓMEZ

Un libro

Toda unha aventura

TÍTULO: DAS COUSAS DE RAMÓN LAMOTE

AUTOR: PAGO MARTÍN

EDITORIAL: GALAXIA/ COL. ARBORE

O autor de *Das cousas de Ramón Lamote* é Pago Martín (Lugo, 1940), que foi mestre ata a súa xubilación. O seu primeiro libro, *Murallas no espello*, publicouse en 1976 e tamén escribiu *E agora cun ceo de lana* (1981) e o volume de relatos *Dende a muralla* (1990).

Levou o Premio Nacional de Literatura Infantil de 1986 con este libro, *Das cousas de Ramón Lamote*, tamén galardoado co premio Losada Diéguez de 1985 e o Barco de Vapor 1984. E conta cunha continuación, *Das novas cousas de Ramón Lamote* (2008).

Tamén ten outras obras como: *Lembranza nova de vellos mestres* (1988), *Historias para ler á noite* (1992), *A bisneta lercha* (2006) e *Sabeliña e os ratos* (2007), todas elas publicadas por Galaxia.

A historia trata dun señor, Ramón Lamote, que dá clases de chairego e debuxa soños por enxeira.

Nunha historia, Ramón Lamote, que é mal educado, ten que ir dar unhas clases ás cinco e chega tarde, porque unha señora está atascada na escaleira e non quere botala fóra directamente.

Tamén hai un relato no que Lamote ten que pronunciar un discurso sobre un animal doméstico diferente e inventou un, o entomodelfo; ningún coñece ese animal, pero, para non quedaren mal, todos lle dan a razón e din que teñen un na casa.

Este libro, no que a imaxinación é a protagonista, ten un narrador en 3ª persoa.

Sorpréndenos o listo e educado que é Lamote, que se caracteriza como un home bo, polos agasallos das bicicletas aos nenos que non se podían permitir merca-las por cuestións económicas ou porque non aprobaran todo; grazas a unha manobra na que cambia marmeladas, trofeos que tampouco ningún coñece... aínda que case ningún o admita por bicicletas.

Ramón Lamote é o único personaxe que está fronte aos outros, que no único que pensa é na ascensión social.



ANA GARCÍA GÓMEZ, 1ª ESO B

DAS NOVAS COUSAS DE RAMÓN LAMOTE

AUTOR: PAGO MARTÍN

EDITORIAL: GALAXIA

DAS NOVAS COUSAS DE RAMÓN LAMOTE (2008) É UN LIBRO ESCRITO POR PAGO MARTÍN (LUGO, 1940), ESCRITOR GALEGO QUE FOI MESTRE DE ENSINO DURANTE CASE CATRO DÉCADAS, ATÉ A SÚA XUBILACIÓN NO ANO 2000.

TAMÉN ESCRIBIU OUTRAS OBRAS COMO POR EXEMPLO:

-E agora cun ceo de lana (1981).

-Lembranza nova de vellos mestres (1988).

-Serván! vé do mundo exterior (1990).

DAS COUSAS DE RAMÓN LAMOTE (1985), Premio Nacional de Literatura Infantil e que tamén foi premio de Barco de Vapor 1984 e premio Losada Diéguez en 1985.

Os personaxes máis destacados desta obra son:

-Manuel Antonio López-Sánchez e Rodríguez-Díez, un empresario mal coñecido, á que todos chaman "o Cégado".

-Ramón Lamote Miñato, o protagonista, un profesor de chairego xubilado e debuxante de soños.

-Feliciano Argallas e Sabelia, secretario e

traballadora, respectivamente, da empresa do Cégado.

-Astrea, amiga de Lamote.

-Alberte Aíras Abelaíra, o señor rector.

-Lucía e Leonardo, habitantes de Ubesera e amigos de Lamote.

Esta historia -narrada en 3ª persoa, polo o narrador non é un dos personaxes- desenvólvese na cidade de Lamote, unha cidade imaginaria da que non se dá o nome e en Ubesera, unha cidade demasiado maquinizada. Con ela o autor preténdenos transmitir que ás veces non é bo ter a túa vida controlada por aparellos electrónicos e que non pasa nada por facer as cousas dun modo tradicional e natural; tamén nos dá que a imaxinación non ten límites.

Neste libro o señor Lamote está xubilado, non é profesor de chairego, pero si que segue sendo debuxante de soños. Un día oñunzo Feliciano Argallas- secretario do Cégado, un empresario chamado Manuel Antonio ao que todos a xente lle puzo ese alcume- é élalíe que o Cégado, o quería converter; querían nun bar para falar dito e alí atopou a Astrea, unha amiga súa, que tamén lle pediu se a podía axudar cun dos seus proxectos, el aceptou e logo quedou pasionalmente no Cégado. O empresario explíatle que quer facer un libro

sobre a súa vida e pídelle se Ramón o pode ilustrar e Sabelia espíatle unha idea, ao Cégado gústalle a idea.

Noutra historia realízase unha invitación para ir a Ubesera, a un congreso que alí se fai; no avión coñece a dous habitantes desta, Lucía e Leonardo, que se fan moitos amigos del. Ó chegaron ó hotel danlle unha tarxeta que lle pode proporcionar toda a información que quere; como se atorre, colle a tarxeta e vai dar unha volta. Botábens por intentar falar coas outras señoras porque tiñan unha diétala, investigano e como ven que non fluo nada, sítano.

Ao día seguinte imparte a conferencia, e como lles impresionou coas cousas que lles agasallara a unha señora e á dous nenas, todos as levaban na man. Finalmente regresou á súa casa e recibiu un correo de Lucía e Leonardo.



un correo de Lucía e Leonardo.

1ª ESO A



ANA GARCÍA GÓMEZ



OS MEGATOXOS E O APRENDIZ DE DRUIDA

AUTOR: ANXO FARIÑA

EDITORIAL: A NOSA TERRA

Os Megatoxos e o aprendiz de druida é unha obra escrita por Anxo Fariña, nado en Vigo en 1977. Estudou Belas Artes e actualmente traballa como director de arte, deseñando en diferentes ámbitos, e tamén traballa como ilustrador debuxando para libros e cómics.

Dende hai un tempo tamén lle gusta encher papéis de letras e imaxinar historias. Ademais desta aventura, tamén ten publicadas na editorial A Nosa Terra, Xabi non pode dormir, Os magos das formas e dúas entregas máis, Os megatoxos e a espada Esmeralda e Os Megatoxos e os Templarios de Luz. E as coleccións Don Quixote e Bregolan e Antón e Pompón.

Os Megatoxos e o aprendiz de druida trata de catro rapaces -Falsa, Ruix, Ninfa e Lúa- que se terán que enfrentar a unha misión fóra do normal. Todo empeza no día da inauguración do colexio ao que lan estes mozos. A súa mestra, Marta Larafuzas,

elíxenos aos catro para axudarlle a levar un taxo nunha fuma. Nun desprazo da mestra, á que se lle escaparon os ollos mirando ao profesor Bursla, os cinco tropezarón e caeron, con tan mala sorte que o taxo picou os catro rapaces.

Dende ese día, todo cambiou, xa que empezaron a padecer unha serie de poderes extraordinarios... uns días máis tarde a profesora Larafuzas explicoulles aos rapaces que a planta que os picara era un taxo mutante co poder de transportarse dun lugar a outro. Tamén lles dixó que debían atopar o taxo canto antes para evitar que fixese estragos no mundo enteiro.

Nunha máquina transportadora foron a onde se encontraba o taxo, a época dos celtas, druidas e castros. Cando chegaron ao lugar indicado, colleron unha dirección axudada por un carballo e no camiño coñeceron a Gael. Este fixose amigo dos rapaces e explicoulles que vivía nunha tribo atemorizada por un dema, Drunkel.

Con axuda dos seus poderes, os catro

rapaces venceron a Drunkel con moitos esforzos.

O libro ten tres temas principais:

1º. A picadura do taxo mutante aos catro rapaces.

2º. O namoramento por parte de Lúa e Gael, membro da tribo atemorizada polo dema Drunkel.

3º. A vitoria de Falsa, Ruix, Ninfa e Lúa sobre Drunkel.

A acción sitíase nun lugar descoñecido polos rapaces, un castro. A lingua empregada paréceme correcta e moi aceptada á nosa idade.



1º ESO A



DANIEL REY CASTRO

O ACHADO DO CASTRO

TÍTULO: O ACHADO DO CASTRO

AUTOR: MANUEL NÚÑEZ SINGALA

EDITORIAL: SOTELO BLANCO

O achado do castro é unha obra escrita por Manuel Núñez Singala, nado en Lugo en 1963. Estudou Filoloxía galega e traballou na Xunta de Galicia, no parlamento galego e, finalmente, na Universidade de Santiago de Compostela, onde actualmente dirixe o Servizo de normalización lingüística.

Ten publicadas dúas obras de teatro, *O achado do castro* (1991) e *Comedia bífida* (2007), ademais doutras obras de xénero narrativo: *Mar de Joulo* (1997), *Solidariedade occidental* (2003) e participou en *Louga lingua. Os centos de mesi* (2002).

O achado do castro é unha comedia escrita en dous actos e moi exitosa xa que se fixeron cinco edicións dela e, ademais, recibiu o premio Xiria de creación teatral en 1987.

O achado do castro desenvólvese no pazo Imperial onde vive o emperador de Roma. Este ten unha filla, Carmiña, que quere casar con Manólitus, fillo da máis rica comerciante do imperio, Arpexia. Pero teñen moitos problemas para casaren porque o emperador non acepta o prometido da súa filla. Ao mesmo tempo os protagonistas da obra, Catulo e Caleno, intentan roubarlle o medallón ao emperador. Tamén aparece aquí outro personaxe dunha certa importancia, o presentador, que por veces detén e manipula a acción.

A obra ten tres temas principais:

- O amor, en principio imposible, entre Manólitus e Carmiña.
- O intento de roubo do medallón do emperador por parte de Catulo e Caleno.
- O repentino namoramento de Arpexia, nai de Manólitus, e do emperador.

A acción sitíase no pazo Imperial na antiga Roma. A lingua empregada é moi coloquial e doada de entender, ademais de moi graciosa. Este humorismo incrementábase co emprego de anacronismos, é dicir, feitos da actualidade que se sitúan na antigüidade, por exemplo cando Arpexia di que compra un vestido moi barato "nas rebaixas do corte persa".



Daniel Rey Castro
1º ESO A



DANIEL REY CASTRO



BALA PERDIDA

Un libro

TÍTULO: Bala Perdida

AUTOR: Manuel Rivas

EDITORIAL: Alfaguara Obradoiro

Bala Perdida (1996) é unha obra escrita por Manuel Rivas (Coruña, 1957), que traballa como escritor, poeta, xornalista e xornalista e, desde o 23 de xullo de 2009, é académico da RAG. Algunhas das súas obras son: Tolo Ben (1985) e A man das patillas (2000) - e gañou o Premio da Crítica polo libro con millón de voces (1989).

En *Bala Perdida* os personaxes dos que máis se fala son:

- Rai, o nazo do corazón tatuado.
- Rosa Ribeiro, a periodista e propietaria do xornal Celtis News, "pensado para escribir sobre as cousas bonitas".
- Bala Perdida, o capitán do Libertade, pirata ho e filo de rosa, como sabemos ao final, a pesar de que ela non lle di que coñece o segredo.

Este libro narra a historia duns piratas que asaltan un barco no que hai lingote de ouro co símbolo dos nazis e para desvalvelos aos seus propietarios -os xudeus- deciden secuestrar unha xornalista chamada Rosa Ribeiro. Bala Perdida, o capitán dos piratas e dono do barco Libertade, é filo de Rosa. Para que os donos do ouro (o Congreso Mundial dos Xudeus) se decanten de que Bala Perdida e os piratas atoparen o seu ouro, divúlga a rosa que escriba unha noticia en clave contando o sucedido.

Esta historia sucede no porto pesqueiro de Atlán, un espazo imaxinario, e tamén na cripta da Igrexa de Santo André de Teixido.

O narrador conta a historia en 2ª persoa e, neste caso, é Rosa Ribeiro quen tamén é unha personaxe da trama.

Con esta obra o autor pretende transmitirnos o mal que o pasou a xente cando foi a guerra contra os nazis, dos que ningún quere saber nada. Estes, os nazis, son representados por Herr Doktor, que navega no Zarándista e que, lóxicamente, acaba mal.

toda unha aventura



ANABEL
LUACES GÓMEZ



Anabel Luaces Gómez
3º ESO A

O LAPIS DO CARPINTEIRO

Un libro

OBRA: O lapis do carpinteiro

AUTOR: Manuel Rivas

EDITORIAL: Edicións Xerais

Este libro pertence á autoría do coruña Manuel Rivas, nado en 1957. Escritor e xornalista, cultivos a poesía e a narrativa, entre outros xéneros. En canto á obra poética, cabe destacar Libro do Emvado (1979), Ningún clavo (1989) -galardoado co premio Lolladour-a- e Cosas da morte. Blues (1994). En narrativa destacan Un millón de voces (1989), que conseguiu o "Premio de la Crítica Española" en 1990, Co comedoreiro de palacios (1991) e Que me queiras, amor?, premio Nacional de Narrativa 1996.

O argumento da obra sita arredor do amor entre un republicano encarcerado, Daniel de Barca, e unha fermosa moira, neta dun cartabandista, Mariña Mallo. Para completar a historia, un visitante do cárcere, Heribal, tamén narrador de moza, axuda na intriga.

Os protagonistas son, estes tres personaxes, pero sobre todo Daniel de Barca e Heribal. Gustaríame destacar a figura d'un prisioneiro, que tamén é preso político e co que Heribal ten unha relación moi estraña antes de que o asasinan e, despois da súa morte, o gardá base co lapis do carpinteiro que tira o petor e que serve dalgúnha maneira de enlace entre eles, pois é como se Heribal o asociaase na súa cabeza.

A marxa deuses, existen numerosas personaxes secundarias, como o neto dos prazos, entre os que está Dornabán, médico e personal do cárcere, a irmá de Heribal e o seu home, un xornalista que aparece ao principio da obra, Carlos Sousa, ou María da Visitação, unha prostituta do río no que acabará suicidándose Heribal.

En canto ás formas presentas na obra, eu destacaría sobre todos o amor, pero non só como sentimento, senón tamén como guía, como agame á vida... Por outra banda, a liberdade, que se evidencia a través da súa ausencia. Destacábelos son outras temáticas como a produción, o sobramento e moitos derrochais da situación de guerra e posguerra, como son a represión, persecución, inxustizas...

N' O lapis do carpinteiro a historia está contada por un narrador en terceira persoa, omnisciente e externo á historia, pero que coñece os personaxes á perfección. Satisfacible, nesta obra son os diálogos, xa que aínda que a maioría están introducidos polo narrador, gran parte deles preferíramos tamén de forma inesperada e, incluso, ás veces, algo cómica, sen saber moi ben que personaxe interviñe en cada momento.

Manuel Rivas emprega un galego arenoso, nada rebuxado e moi doado de comprender, que permite facer a lectura rápida e áxil, ademais de agradable e entreteída.

A historia narra esencialmente a estada de Daniel de Barca en diferentes cárceres e nun sanatorio, onde axuda a tratar a tuberculose, pois é médico, tamén se relata a súa relación con Mariña e con Heribal.

Non se trata dunha obra de fantasía literaria, pois inclúe a realidade coma constituida por anécdotas. A historia son as lembranzas do pasado que Heribal lle relata a Mariña da Visitação en relación con De Barca, feito que contrasta con que a historia antes contada en 3ª persoa. E, incluso, dentro das anécdotas, hai outras, como cando Mariña Mallo lembra a súa presentación en sociedade.

Os espazos desta obra son moi variados e inclúen prazos, mercados; pero, son dúbidas, o máis frecuente é o cárcere, como o de Coruña Tamin, un sanatorio onde peso o médico unha lempada o unha estación de tren, onde se encontraron os narradores, logo de tempo sen verse.

Os personaxes podémosen ver todos reais, pois están caracterizados como moi verosímiles; de feito, al aparece Ansel Casal, o que fora alcalde de Santiago de Compostela e subtenente militar de 1926 e algun outro personaxe histórico. Pola contra, destacábelos en Heribal certos comportamentos estranhos propiciados polo contacto co lapis do carpinteiro do pinlar mozo.

A estrutura da obra é moi complexa, pero sería posible facer unha división tendo en conta o tempo: é dicir, separar estas partes: o presente, cos elementos que Sousa lle fai a De Barca e logo a súa relación con Heribal nun protítulo, e o pasado, coa historia de amor Mariña-Daniel, o cárcere, a persecución...

Non ambiente bíblico. N' O lapis do carpinteiro combínase moxosamente a narración cos diálogos e as descrições -etopeas, prosopografías e topografías-, se ben estas con poucos detalles, rematando por construír o que se deu en chamar "unha fermosa historia de amor".

toda unha aventura



IRIA
MARTÍNEZ MEIS



Iria Martínez Meis, 2º Bach. D



LETRAS GALEGAS 2010: UXÍO NOVONEYRA



UXÍO NOVONEYRA

Uxío Novoneyra /
Letras Galegas
2010

Uxío Novoneyra naceu en 1930 na aldea de Parada de Moreda, en plena serra do Courel, e morreu en Santiago de Compostela o 30

de outubro de 1999.

Fillo de labregos acomodados, Novoneyra, cantando a súa terra, converteuse nun poeta e escritor de proveito.

En 1945 múdase a Lugo durante o período escolar, para así, en 1948, ver rematados os seus estudos de bacharelato; neste ano coñece un escritor da Terra Chá, Manuel María. Con anterioridade, en 1947, coñecera a poeta noíesa María Mariño, que fora vivir a Parada e con quen mantería unha profunda amizade ata a morte dela en 1987.

De 1949 a 1951 vai a Madrid para facer a carreira de Filosofía e Letras. Alí empezaría a escribir poemas en castelán, chegando a publicar algúns na revista Bengala, son dous poemas do libro inédito *Desde las cosas*.

En 1952 volve a Galicia para facer o servizo militar e coincide outra vez con Manuel María; nesta data volve escribir en galego tras o contacto con figuras como Carlos Maside, Ramón Piñeiro, Otero Pedrayo. É neste momento cando nace a súa obra *Os Eidos* (Galaxia 1955) cunha forte inspiración telúrica.

En 1962 regresa a Madrid de novo e relaciónase co grupo Brais Pinto, grupo que acollía figuras do galeguismo (pintores, profesores, políticos e escritores) como Reimundo Patiño, Hermínio Barreiro, Ramón Lorenzo, Bernardino Graña, X. L. Méndez Ferrín. Alí traballou na radio e na televisión.

Regresa ao Courel en 1966 para cooidar a súa familia e aí coñece a Elba Rey, con quen casaría e tería tres fillos. A esta época pertence o libro *Elegías del Courel y otros poemas* (Rialp, Madrid) en versión bilingüe galego-castelá.

Do ano 1974 é a obra titulada *Os eidos 2. Letanía de Galicia e outros poemas* (Vigo, Galaxia), ilustrada con debuxos de Laxeiro. E en 1979 publica un libro chamado *Poemas caligráficos*, o número un dos "Cuadernos da Gadaña".

En 1983 Novoneyra vai vivir a Santiago e, alí, ata a súa morte, sería o presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega. Na nesa época é considerado un clásico e obxecto de estudos por parte da crítica ("O fonosimbolismo na poesía da Novoneyra" de Rodríguez Fer, De Ponal a Novoneyra de Ferrín...)

Neste tempo o escritor recompila a súa poesía courelá en *Os eidos. Libro do Courel* (Xerais, Vigo 1981), que sufrirá sucesivas reedicións.

Uxío Novoneyra pertence á segunda xeración da posguerra, que foi chamada Xeración das Festas Minervais, xustas poéticas universitarias; Xeración de La Noche, título do suplemento do diario compostelán dirixido por Reimundo García Domínguez "Borobó", Xeración do Medio Século ou dos Cincuenta.

Novoneyra coa súa obra pretendía ir máis alá do escrito, comprometerse e preocuparse en todo momento pola forma poética e pola linguaxe, procurar un bo resultado visual e sonoro para os textos e pretender por medio dos seus poemas e obras coñecer o verdadeiro significado da nosa lingua.

Canto á temática, esta varía en intensidade segundo as épocas, pero hai trazos que sempre permanecen como o paisaxismo ("poesía da terra"), a temática existencial a identificación do home coa natureza e a sociopolítica.

Outras obras do courelaio son: *Muller pra lonxe* (Lugo, 1986), *Do Courel a Compostela 1956-1986* (1988), *O cubil do xabarl* (1991) e *Gorgorin e Cabezaón*, estas dúas últimas publicacións infantís; *Tempo de elección* (1991), *Poemas de doada certeza i este brillo premido entre as pálpabras* (1994), *De Courel ó monte Branco* (1996), *Ilda, o lobo, o corzo, e a xabarín* (1998), *Betanzos: Poemas dos Caneiros e Estampas* (1997), *Onde só queda alguén para aguantar dos nomes* (1999) e *Dos soños teimosos* (1998), libro de conversas con Emilio Araújo, o seu testamento intelectual... E algunhas máis que ten este escritor, Uxío Novoneyra, defensor da nosa lingua e da nosa terra e homenaxeado no Día das Letras Galegas 2010.



CARMEN
IGLESIAS ÁLVAREZ

1º ESO B





ANO ROSALIANO: 125 ANOS DA MORTE DE ROSALÍA



ROSALÍA DE CASTRO

Rosalía de Castro (Santiago de Compostela, 24 de febreiro de 1837 - Padrón, 15 de xullo de 1885) foi unha poetisa e novelista española na lingua galega e castelá. Trátase da figura central do Rexurdimento da literatura galega no século XIX, autora de Cantares galegos (1863), obra fundacional do mesmo ao ser un dos primeiros libros enteiraamente escritos en galego da Idade Contemporánea.

BIOGRAFÍA



CASA DE ROSALÍA EN PADRÓN

Rosalía de Castro naceu o 24 de febreiro de 1837 en Camiño Novo, un arrabal de Santiago de Compostela, sendo bautizada o mesmo día cos nomes de María Rosalía Rita. No rexistro do Hospital Real de Santiago de Compostela figura como filla de pais descoñecidos. A súa acta de bautizo rezaba:

En veinte y cuatro de febrero de mil ochocientos treinta y seis, María Francisca Martínez, vecina de San Juan del Campo, fue madrina de una niña que bauticé solemnemente y puse los santos óleos, llamándole MARÍA ROSALÍA RITA, hija de padres incógnitos, cuya niña llevó la madrina,

y va sin número por no haber pasado a la Inclusa; y para que así conste, lo firmo[1]. José Vicente Varela y Montero

A súa nai, María Teresa de la Cruz de Castro, de orixe fidalga vida a menos, viviu na casa grande de Arretén. A familia da nai proviña da linaxe dos Castro, de orixe castelá, pero establecida en Galicia dende a Idade Media (foron condes de Lemos nunha das súas pólas). Contaba trinta e dous anos cando naceu. O seu pai, don José Martínez Viojo, nado o 7 de febreiro de 1798 e de profesión crego, acababa de cumprir os trinta e nove e, debido á súa condición, non puido recoñecer nin lexitimar a súa filla, encargando o seu coidado ás súas irmás, polo que parece que si se interesou pola súa manutención.

INFANCIA

Despois do seu nacemento, foron as súas tías paternas Teresa e máis María Josefa, e non a súa nai, quen se fixeron cargo dela na súa casa (chamada a dos Castro) na parroquia de San Xoán de Ortoño, Ames. O máis probable é que a nai non se fixera cargo de Rosalía debido á súa condición de solteira, e, máis aínda, polo feito de ser crego o pai de Rosalía.

Tras a estadia coas súas tías, Rosalía volveu vivir coa súa nai. Malia non saberse con exactitude a data do reencontro da nai e da filla, atopáronse testemuños nos que se indica que foi na súa nenez cando se produciu. Nun rexistro do concello de Padrón coa data do 17 de setembro de 1842, consta que residía naquela localidade Teresa de Castro, coa súa filla Rosalía e máis unha criada chamada María Martínez. No rexistro, Teresa aparecía co estado civil de solteira e coa idade de trinta e seis anos (dato erróneo, xa que, segundo a data de nacemento do Libro de Bautizados de Iria Flavia, a nai de Rosalía nacera o 24 de novembro de 1804; polo que, en realidade, Teresa estaba a piques de cumprir os trinta e oito anos) e Rosalía coa idade de cinco

anos e sete meses. Ao non existiren máis datos ou testemuños, semella que a data do rexistro de Padrón correspondese coa data na que nai e filla voltaron vivir xuntas.

*Yo tuve una dulce madre,
concediéramela el cielo,
más tierna que la ternura,
más ángel que mi ángel bueno.
En su regazo amoroso,
soñaba... ¡sueño quinérico!
dejar esta ingrata vida
al blando son de sus rezos.*

Fragmento Madre, Dulce Madre

FORMACIÓN

Non se sabe exactamente cando se trasladaron a Compostela, pero si que en 1850 vivían nai e filla nesa cidade. Ali comeza a formarse en torno á Sociedade Económica de Amigos del País. En Santiago recibe formación musical, artística e literaria; participou nas actividades do Liceo de la Juventud, lugar de encontro dos intelectuais comprometidos co movemento provincialista. As súas correntes ideolóxicas, que impregnarán a obra de Rosalía, eran o socialismo e o republicanismo. No liceo coincidiría con Eduardo Pondal, Aurelio Aguirre e Juan Manuel Paz Novoa.



MANUEL MURGUÍA,
O MARIDO. FOI QUEN
LLE PUBLICOU
"CANTARES GALLEGOS"

FAMILIA

En 1856 trasladouse a Madrid, onde viviu cunha curmá. Comezou a publicar e, en 1858 casou con Manuel Murguía, investigador, cronista e xornalista. A vida do matrimonio fíxose itinerante debido aos cargos funcionariais de Murguía. En 1859 regresaron a Galiza, onde naceu Alejandra, a súa primeira filla; en 1861, de novo en Madrid, publicou obras en galego e castelán. Logo duns anos en Madrid, trasladáronse a Lugo, e despois



voltaron a Madrid, onde naceu Aura; as actividades do seu home leváronos por diferentes lugares: Simancas, A Coruña (1871-1878), Compostela, Lestrobe (1879-1883, residindo no Pazo de Hermida), Estremadura, Alacante... E mentres, foron nacemento máis fillos: Aura, nada en decembro de 1868 (morreu en 1942). Gala e Ovidio, xemelgos, naceron en xullo de 1871 (Gala morreu en 1964 e Ovidio en 1900), Amara, nada en xullo de 1873 (morreu en 1921), Adriano Honorato Alejandro, nado en marzo de 1875, (morreu en novembro de 1876 debido a unha caída) e Valentina, nada morta en febreiro de 1877.

OBRA

Rosalía de Castro escribiu tanto en prosa coma en verso, empregando o galego e o castelán. A súa obra estivo profundamente marcada pola circunstancias que rodearon a súa vida: como a súa orixe, os problemas económicos, a perda dos seus fillos e a súa fráxil saúde.

En 1863 foi publicado en Vigo o seu primeiro grande libro, *Cantares Gallegos*, publicado polo seu marido, Manuel Murguía, quen xestionou, sen o permiso da súa muller, a saída do prelo dun poemario que fixa o comezo dunha nova xeira para a poesía galega e que, sen dúbida, é a base de todo o rexurdimento literario e non literario da literatura galega. *Cantares gallegos* constitúe o primeiro libro escrito en galego nunha época na que a lingua galega estaba extinta como lingua escrita. Moitos poemas do seu libro son glosas de cantigas populares, nelas Rosalía denuncia a miseria, a pobreza e a emigración masiva a que estaban obrigados os galegos, sen deixar de verter os seus sentimentos e vivencias persoais.

O 17 de maio daquel mesmo ano, de Castro asina a dedicatoria da obra para Fernán Caballero (Cecilia Böhl de Faber y Larrea), sendo adoptada esa data co gallo do seu centenario, como Día das Letras Galegas (1963).

En 1880 a escritora publicou unha escolma de poemas á que chamaría *Follas Novas*. Nun comezo o poemario concebiuse como unha continuación de *Cantares gallegos*: o 40% dos poemas de *Follas novas* teñen afinidade co texto publicado en 1863, mentres que o resto das composicións presentan un diferente espírito poético motivado polo afastamento da terra, as desgrazas familiares e as doenzas físicas e morais. Estamos, xa que logo, ante unha poética que afonda nos sentimentos, na saudade e que ten frecuentemente, por horizonte, a fronteira do propio ser.

En castelán publicaría *La flor* (1857), *A mi madre* (1863) e *En las orillas del Sar* (1884) e a novela *El caballero de las botas azules* (1867), todas elas encravadas no movemento romántico.

*En todo estás e ti es todo
pra min e eu min mesma moras,
nin me abandonarás nunca,
sombra que sempre me asombras.
Fragmento do poema Negra Sombra
Follas Novas*

ÚLTIMOS ANOS E MORTE

*Co seu xordo e constante mormorio
atránne o oleaxen dese mar bravo,
val atrás das serenias o cantar.
«Neste meu leito misterioso e frío
-dime-, ven brandamente a
descansar».*

*El namorado está de min... ¡o deño!
i eu namorada del.*

*Pois saldremos co empeño,
que si el me chama sin parar; eu teño
unhas ansias mortais de apousar nel.
Fragmento de Follas Novas.*

Rosalía botou os derradeiros anos da súa vida en Padrón, onde a familia alugara a casa da Matanza, que despois se convertería en casa-museo. A morte do seu fillo máis novo aos dous anos por mor dun accidente e a súa enfermidade amargáronlle os derradeiros anos. Morreu de cancro en 1885, aos corenta e oito anos na súa casa de Padrón -a cal é hoxe un museo-. Rosalía foi soterrada no camposanto da Adina. Anos máis tarde, en 1891, os seus restos foron trasladados á actual Panteón de

Galegos Ilustres, na igrexa de San Domingos de Bonaval, en Santiago de Compostela.

Derradeiros momentos de Rosalía por González Besada.

*Recibiu con fervor os Santos
Sacramentos, recitando evxos baixa as
súas predilectas oracións. Encargou aos
seus fillos queimasen os traballos
literarios que, reunidos e ordeados por
ela mesma, deixara sen publicar,
dispuxo ser soterrada no cemiterio de
Adina, e pedindo un ramo de
pensamentos, a flor da súa predilección,
non ben foille achegada aos beizos
sufría un afogo que foi o comezo da súa
agonia. Delirante, e nubrada a vista,
dixolle á súa filla Alejandra: 'Abre esa
fiestra, que quero ver o mar', e pechando
os seus ollos pra sempre, expirou.*

*Adiás, ríos; adiós, fontes;
adiós, regatos pequenos;
adiós, vista dos meus ollos:
non sei cando nos veremos.
Miña terra, miña terra,
terra donde me eu criei,
hortiña que quero tanto,
figueiriñas que prantei,
Fragmento Cantares gallegos*

OBRA EN GALEGO E CASTELÁN

Poesía - GALEGO

Cantares gallegos (1863) - *Follas novas* (1880)

Prosa - GALEGO

Contos da miña terra I (1864)

En castelán

Poesía - CASTELÁN

La Flor (1857) - *A mi madre* (1863) - *En las orillas del Sar* (1884)

Prosa - CASTELÁN

La hija del mar (1859) - *Flavio* (1861) - *El cadiceño* (1863) - *Ruinas* (1866) - *Las literatas* (1866) - *El caballero de las botas azules* (1867) - *El primer loco* (1881) - *El domingo de Ramos* (1881) - *Padrón y las inundaciones* (1881)



SALMA BOUTAFANT
(3º ESO B)



SARA VEIGA RÚA
(3º ESO B)



CENTENARIO DO NACEMENTO DE SEOANE



LUÍS SEOANE LÓPEZ

Luis Seoane López.

(Bos Aires 1 de xuño de 1910-5 de abril de 1979) foi un editor, escritor, xornalista, gravador e

pintor galego e neste ano de 2010 conmemórase o centenario do seu nacemento.

TRAXECTORIA

Naceu en Bos Aires no ano 1910, fillo de emigrantes e veu de neno a Galiza. Fixo o bacharelato na Coruña e Dereito en Santiago de Compostela, onde participou na actividade política e cultural estudantil. Sendo aínda estudante universitario, demostrou a súa vocación artística ilustrando libros e publicando debuxos en revistas e xornais.

De 1931 a 1936 exerceu de avogado laboralista na Coruña e foi membro do Partido Galeguista, así como da Masonería. Tras a sublevación do 18 de xullo de 1936 mantívose agachado durante uns meses ata que en 1937 puido exiliarse a Bos Aires vía Lisboa. Alí fixou a súa residencia e traballou no consulado republicano.

Foi o promotor de moitas empresas culturais, da emigración e do interior (revistas como Galiza Libre, Galiza Emigrante ou Cuco-Rei, a imprenta Resol en Santiago de Compostela xunto a Arturo Cuadrado; editoriais como a Losada; o Laboratorio de Formas de Galicia, xunto a Isaac Díaz Pardo, do que nacerá o complexo de Sargadelos etc.). Non deixou nunca de afrontar proxectos e participar activamente na recuperación da cultura galega.

Regresou a España en 1960. Nas últimas décadas da súa vida, alternou a residencia en América con viaxes a Galiza. Morreu na Coruña en 1979.

OBRA PICTÓRICA



SEOANE 'EL E LA', 1976

A súa obra como artista gráfico foi importantísima: debuxante, gravador, deseñador de libros e de obxectos cerámicos, cartelista, pintor... Luís Seoane é un dos máis grandes plásticos galegos de todos os tempos e, sen dúbida, o máis completo e coñecido. A



APARIANDO FROITA, 1956



LA COSECHA DEL CENTENO, 1912

súa obra é tan extensa como o foron as súas inxerencias artísticas e intelectuais. A súa obra pictórica reflicte ese amor a Galiza e a súa ansia por recuperar paisaxes, símbolos e personaxes galegos para facelos universais. A súa obra, de tendencia expresionista e cercana á abstracción, foi exposta en lugares como Bos Aires, Montevideo, Londres, New York, Venecia, México, Bruxelas, Hamburgo...



DIALOGO Y ALBOROZO, 1970



GAITEIRO CON Lúa, 1978

OBRA ESCRITA

Publicou numerosos estudos e ensaios de arte, obras de teatro, crónicas radiofónicas, etc. Dedicóuselle o Día das Letras Galegas en 1994.

Poesía - Obra en galego

Fardel desilado (Bos Aires, Edicións Anxel Casal, 1952) - Na brêtema, Santiago (Bos Aires, Edicións Botella al Mar, 1956) - As cicatrices (Bos Aires, Editorial Citanía, 1959)

Narración - Obra en galego

Tres follas de ruda e un allo verde (inédito). Publicado en tradución castelá: Tres hojas de ruda y un ajo verde (Bos Aires, Edicións Botella al Mar, 1948)

Teatro - Obra en galego

A soldadeira (inédita). Publicada en tradución castelá: La soldadera (Bos Aires, Editorial Ariadna, 1957)

Ensaio - Obra en galego

Eiroa (Vigo, Galaxia, 1957) - Castelán artista (Bos Aires, Alborada, 1969)

Gravados e debuxos con textos literarios - Obra en galego

Homaxe a un paxaro (A Coruña, Edicións do Castro, 1969) - Retratos de esguello (A Coruña, Edicións do Castro, 1968) - O meco (A Coruña, Edicións do Castro, 1963) - O conde asesino de Sobrado (A Coruña - Bos Aires, Edicións Cuco-Rei, 1971) - Comunicacions mesturadas (Vigo, Galaxia, 1973)

Obra en castelán

13 Estampas de la traición, Bos Aires, edición de autor; (1937) - Homenaje a la Torre de Hércules, (1945).



SALMA BOUTAFANT (3º ESO B)



SARA VEIGA RÚA (3º ESO B)



REPRODUCCIÓN DE LÁMINAS DE LUÍS SEOANE



Lámina Color: XCII POLBO. GRAVADO, REPRODUCCIÓN DE LUÍS SEOANE
Yéssica Liste Calviño - Lucía Liste Martínez - Clara Álvarez Gil - Natalia García Vieites



Lámina Branco/negro: O PEREGRINO. GRAVADO, REPRODUCCIÓN DE LUÍS SEOANE
Sara Pazos 1º Bach A - Laura Uzal 1º Bach C



AFONSO TRAFICANTE FERNÁNDEZ

Afonso Traficante Fernández, alumno de 3º ESO B, obtivo un accésit na modalidade de poesía do Certame Literario Minerva, pola súa triloxía de poemas titulada "Grotosque".

O galardón foille entregado o día 20 de maio nun acto literario no Colexio Peleteiro de Santiago de Compostela.

Cando o soubemos, ademais de felicitalo pola súa dedicación, desexámoslle que seguise sobresaíndo na creación literaria. E así o fixo, pois acadou outro premio de creación

literaria no concurso convocado polo concello de Serra de Outes, o XIV Certame Francisco Añón de Poesía. Recibiu o primeiro premio dentro da súa categoría -rapaces de 12 a 14 anos- polo traballo titulado "Fíos de tinta", de excelente calidade en opinión do xurado.

Pero xa foi no noso centro, o IES Nº 1 de Ordes no que este ano empezou a colleitar froitos literarios, pois foi o gañador absoluto dun concurso de poesía, a Árbore de Poemas, convocado

pola biblioteca do instituto. E non esquezamos o quinto premio obtido no Concurso Novos Talentos de Relato Curto da empresa Coca-Cola o pasado ano.

Dende as páxinas da nosa revista manifestamos o noso orgullo e satisfacción polos logros acadados por un alumno do noso centro e non dubidamos de que seguirá nesta liña de triunfo e calidade literaria.

Noraboá novamente.

POEMAS PRESENTADOS AOS DIFERENTES CONCURSOS

Fragua de nécar.

Son cunchas traballadas a pulso
Reprimindo cada *micronéica micropeta*
do que antes eran.
Alopounas un pescador
rebuscando entre faralóns,
soterradas en pibulas de areia
branca, fina
(indefinida)
co agarimo
que só as mans da natureza
lle saben dar aos seus tesouros.
e sen lle importar o ritmo
..... rápido
..... lento,
todas as falcatruadas que artellaron (inocentes)
estancaron na primeira (e última)
encalladas
cada unha
delas,
nunha fragua de nécar.

GROTESQUE

É este o lugar polo que soñamos?
oportunista, ultracapitalista?
Prefiro ver o mundo con ollos de odio,
que abrílos
nunha grotesca realidade paralela,
anestesiado por nenos bon, malcriados,
pobres desgrazados,
cirurxiáns compulsivos,
prostitutas castas,
bombeiros piromanos,
hipnotistas sonámbulos,
drogadictos independentes,
psicólogos psicópatas, psicotrando a psicopacientes psicoalterados psiquicamente,
tulos guapos ricos estilosos fantásticos impacientes famosos exitosos
pero non perfectos.
*cordos feos pobres sen estilo horribles desapercibidos descoñecidos e sen éxito,
con talento*
pero perfectos.

Dime como acabará isto, profeta con visión de presente:
a forza de mordiscos, todos
xuntos, s e p a r a d o s,
labios de pedra, lingua agada,
pusante, sibilante,
estamos
acabados.
Oxalá todo fose un pesadelo
do que poder abrir os ollos
e marchar, moi lonxe,
e non voltar a durmir
xamais
un soño

-----desgrazado.

Francisco

CONCURSO MINERVA

Afonso lendo un dos poemas premiados



Os premiados no Concurso Minerva co mantedor do acto, Alvarez Cáccamo



DO MERCURIO

Sublábanas as mareas,
preguntábanlle á vento i el respondía:
cunha boca que tapábanse os ollos con sal,
deixaba un sabor a nube no padal,
complementándose a harmonía atonal da sordade
naquel bosque de estrelas.
Piscaban as velas arriba do mercurio,
curaban a cegas, manortas en obediencia,
o temón era un estalido de madeira humida
que suspiraba a cordas.
Un raí dislocado fóra de coorde nadas,
unha torre de Pisa, imperecible:
en todo o seu esplendor.

A conciencia tímida vai de averoido,
vai de merlo apaleado,
onde as silveiras non dan froito
e agroman os carbollos
(enxotes)
cales reflexos de sonambulismo
do teu (mal)-dormir.

que engordan o obeso
do inxeteroso dos teus pesadelos
implicando soidade,
para reinventar a realidade
en grises e acorados
claros de lúa
(en mel).



CERTAME FRANCISCO AÑÓN

Todos os premiados no Certame Francisco Añón



Afonso o día da entrega do premio



CONCURSO DA BIBLIOTECA DO IES Nº1 DE ORDES

Afonso exhibe o diploma e o agasallo en compañía da directora do centro



Os premios presentados no concurso



PREMIO COCA - COLA

Inés Mirás Vieites, alumna de 2º ESO B, resultou premiada na fase provincial do "Concurso Novos Talentos-Premio Relato Curto" da Fundación Coca-Cola, polo sector da Coruña. Na entrega de premios provinciais, que tivo lugar o 28 de maio na Escola galega de Administración Pública de Santiago de Compostela, foi merecedora dun quinto premio.

Noraboa a Inés e animámola a que siga escribindo e participando en máis concursos e certames.

Inés Mirás Vieites 5º Premio de Relato Curto:

Ola, o meu Nome é Xiana, teño 14 anos e vivo nunha illa deserta con meu pai e miña nai. Vivo no outeiro máis alto da illa. Nacín aquí. Dende o outeiro ver o luar é moi fermoso. A illa ten unha pequena praia con arrecifes, e un camiño mareado, o cal nos guía cara á nosa cabana. Sei que estamos en primavera porque as margaridas comezan a brotar e aos cágados comézanalles saír as patas. No outeiro, cando era pequena, descubrín unha

cova. Ao principio os bichos que había por alí dábanme un pouco de noxo. Pero co paso do tempo, afíxenme a eles e aos estreitos pasadizos. Agora son quen de saír da cova cos ollos pechados. A cova fora antigamente un río. O final da cova é unha cámara ampla na que por un burato pasa un pouco de luz do exterior. Dende moi pequena ese lugar foi o meu agocho secreto. Alí choraba, pasaba as horas e gardaba algúns obxectos que cuspiá o mar. Meu pai diciame cadanseu nome: un par de zapatos, unha caixa de música, algún instrumento de mergullador,...

A caixa de música non a atopara precisamente na beira do mar, senón nun recuncho entre dúas rochas. Non sei o que tiña aquela caixa pero as voltas que daban as figuríñas danzantes collidas da man facían que fose hipnotizador miralas.

Eran un home e unha muller, vestidos moi raros: o home cun traxe negro e gravata e a muller cun vestido rosa. Entre eles había un espazo, como se faltase unha peza, pero non lle dei

importancia ao asunto. Despois de varios meses, paseando entre as rochas, xusto no oco no que atopara a caixa, había un obxecto lustroso. Con gran esforzo, estendín o brazo entre as rochas e collín aquilo. Era como un pau, pero brillante, do tamaño dun pé.

Lleveillo inmediatamente a meu pai e díxome que era un "bolígrafo". Aínda escribía. Pois ese bolígrafo foi directamente levado á cova, xunto con outros obxectos. Tiña uns tons parecidos aos da caixa de música, e, curiosamente, encaixaba no oco que había entre o home e a muller!. Ben!! Por fin a caixa estaba completa!. Inmediatamente deille corda ao aparatío e as figuras danzantes comezaron a facer trazos. Cada vez asemellábase máis a un debuxo, e para ser concreto, a miña cova!.

Os meus ollos seguiron as figuríñas ata que estas pararon e trazaron unha cruz. A cruz amosaba un punto xusto un pouco máis á dereita da miña posición!. Comecei a cavar ata que as miñas mans chocaron con algo duro.



Cunha forza que descoñecía saquei un caixón de Madeira. Abrino inmediatamente, e o meu asombro foi maiúsculo ao ver montóns de xoias e moedas.

Agora teño 64 anos, dous fillos e un neto. Cando nos atopabamos na illa un barco africano rescatounos e agora estamos vivindo nunha cidade. O único que levei comigo foi a caixaña de música.

O meu tesouro quedou ben agochado na illa, nunca se borrará da miña memoria. Agora os meus netos son os

portadores da caixaña de música, para que goeen do tesouro do que ninguén escoitou falar.

2º ESO B



INÉS
MIRÁS VIEITES

*Inés,
coa directora
do IES
e dous
membros da
organización,
amosando
o diploma
e os premios*



CONCURSOS DO EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

II CONCURSO DE POSTAIS DE NADAL

A postal gañadora, na categoría de bacharelatos e ciclos, foi a de Laura Uzal Castro, 1º bacharelato C. A súa postal foi a escollida para a felicitación deste ano. Editáronse 600 postais que foron repartidas entre toda a comunidade educativa, centros educativos e concello de Ordes.

As postais gañadoras, na categoría de ESO, ESA e PCPI, foron as de:

Fátima Zahra Fathallah, 2º ESO A e Carmen Iglesias Álvarez, 1º ESO B.



Fátima recolle o seu premio




Carmen, tras recibir o seu galardón

V CONCURSO DE SOBREMESA DE ENTROIDO



**1º PREMIO ANA BELLO VILLAVERDE
E LAURA DANIS VIQUEIRA**



**2º PREMIO ALBA
E IRJA MARTÍNEZ MIRÁS**



**3º PREMIO NATALIA GARCÍA,
JÉSSICA FRAGA E LUCÍA LISTE**

CONCURSO LITERARIO DAS LETRAS GALEGAS

Poesía premiada no concurso literario das Letras Galegas do IES Nº1 de Ordes

NÓS

*Ti miráchesme,
eu namoreime,
achegácheste
e desmaieime.
Bicáchesme, biqueite,
marchaches
e boteite de menos.
Vólwiches,
pero non me miraches
doeume moito,
pero calei
e despois chorei;
chorei por ti,
chorei por min,
chorei por nós.
Vólvinde namorar,
achegácheste e deixei marchar;
volvín chorar;
pero nunca volvín amar.
Non te vin máis;
pero soñei contigo,
nun soño moi fermoso,
dentro do cal se me foi a vida;
foise co amor que sentía por ti,
ese amor volveute
atopar ali.*

*A Marquesiña, Alba
Martínez Mirás, 2º
ESO A*





CONCURSO DE MARCADORES DE PÁXINAS

	<p>III Concurso de Marcadores de Páxina</p> <p>Equipo de Normalización e Documentación Lingüística ENGL N.º 1 de Ordes</p> <p>IES N.º 1 - ORDES C/Alfonso Martínez Rey, 31 - 15100 Ordes (Lugo) Tél: 981 00 00 00 Fax: 981 00 00 00</p> <p>Libro Uxal Castro 1º Bacharelato C</p>	<p>MARCAPÁXINAS GANADOR NA CATEGORÍA DE BACHARELATO POR: LAURA UZAL CASTRO 1º BACH. C</p>		<p>III Concurso de Marcadores de Páxina</p> <p>Equipo de Normalización e Documentación Lingüística ENGL N.º 1 de Ordes</p> <p>IES N.º 1 - ORDES C/Alfonso Martínez Rey, 31 - 15100 Ordes (Lugo) Tél: 981 00 00 00 Fax: 981 00 00 00</p> <p>Esteban Martínez Rey 3º ESO A</p>
--	--	--	--	---

I CONCURSO ENXEÑO E ENTRETAMENTO MATEMÁTICO 2010

O día 23 de xuño con motivo das actividades de final de curso, celebrámonos no noso centro e organizado polo Departamento de Matemáticas o "I Concurso de Enxeño e Entretemento Matemático 2010", coa participación de todo o alumnado da ESO repartidos en 12 equipos e ademais un equipo do profesorado e secretaria.

Este concurso tivo como precursor o realizado na Praza do Obradoiro o día 12 de maio, celebración do "Día escolar das Matemáticas", e no cal participou un equipo do noso centro formado por 6 alumnos e que, como a experiencia lles gustou, comentaron que sería bonito facelo no centro. As compoñentes do seminario tamén nos pareceu ben, pero coa condición de que os que participaron en Santiago, agora farían de correctores, pois as probas serían as mesmas e eles xa as coñecían.

O concurso consistiu en traballar en equipo 8 actividades, maioritariamente manipulativas, que abarcaron distintas ramas da Matemática impartidas nos dous ciclos da Secundaria Obrigatoria.

Para superar estas actividades necesitábase utilizar a intuición, exploración, planificación e reconto, decisión e revisión do camiño a seguir, utilización de coñecementos previos, dedución... recursos nos que se fundamenta o ser e o proceder das matemáticas.

Cada equipo tivo a súa disposición unha mesa de traballo xunto con todo o material necesario.

A comisión avaliadora estaba formada por 5 membros do Seminario de Matemáticas e polos 6 alumnos e alumnas que participaron en Santiago.

En cada mesa colocouse un cartafol cos enunciados das probas a resolver e a súa puntuación parcial e total, ademais de todo o material necesario para resolvelas.

O concurso comezou ás 9:10 e rematou ás 10:40, procedéndose a continuación á entrega de premios. Todos os alumnos recibiron un diploma personalizado de participación. Os tres primeiros clasificados recibiron ademais, outro diploma de clasificación, e un pequeno agasallo, que no caso do 1º clasificado consistía nun xogo de estratexia.

As probas que conformaban o concurso tiñan unha compoñente matemática, pero sobre todo primaba o aspecto lúdico e manipulativo, tiñan especial importancia aquelas nas que se empregaba a lóxica. Intentamos que os enunciados se adaptaran ao feito de que este 2010 é Ano Santo, e polo tanto transformamos problemas xa coñecidos a outros ambientados no medioevo e o camiño de Santiago.

Para a resolución, ademais do material que tiñan nas mesas, dispoñían doutro

que podían manipular e que estaba noutra mesa, para que o utilizara quen quixese e puidesen empregar o método científico e de experimentación.

As probas que propuxemos e as súas puntuacións foron:

PROBA N.º 1: ESCALANDO UNHA ÁRBORE



Atopádesvos neste momento no patio do Instituto. Nunha das árbores atoparedes un becho que ten o enunciado da proba que tedes que resolver.

Enunciado para poñer no caracol:

Estando tan tranquilo nunha árbore, un caracol caeu ao chan dende unha altura de 10 metros. No seu intento de volver a subir, o caracol teimudo non facía grandes progresos, xa que cada día conseguía subir 3 metros, pero pola noite esvaraba e baixaba 2 metros. Poderías dicir cantos días tardou o caracol en chegar ao lugar onde estaba?



PROBA Nº 2: UNHA CERIMÓNIA UN POUCO AZAROSA

Este ano na cerimonia de apertura de curso, a asociación Os matemáticos reais tiña unha invitación para a asistencia á mesma e un banco reservado para 10 dos seus membros, un dos cales era o Rei.

O primeiro en chegar á catedral foi o Rei e sentou ao chou sen mirar que lugar lle correspondía, os restantes membros a medida que ían chegando facían o seguinte:

Se o seu asento estaba desocupado, ocupáboo.

Se o seu asento estaba ocupado, clixían outro ao chou.

Cal é a probabilidade de que o último que chega á cerimonia teña o seu asento libre?

Animádevos a probar cos coxíns que tendes no banco da praza.



PROBA Nº 3: AS ESTRELAS DE FONSECA

Se observas polo miúdo, atoparás en moitos edificios de Compostela unhas marcas na pedra que sinalan a quen pertencían esas propiedades.

O escudo de D. Alonso de Fonseca (fundador da Universidade de Santiago de Compostela) é unha delas e ten 5 estrelas de seis ou oito puntas.

A Ramón Rubirás, un dos máis afamados escultores da cidade, o cabido compostelán encargoulle este ano Santo facer unha escultura dunha estrela tridimensional, que recorde o emblema de Fonseca para colocar no mesmíño centro da praza do Obradoiro.



Sobre a mesa hai unhas pezas de madeira, que son as que Ramón emprega para construír un

modelo de madeira, antes de comezar a traballar a escultura definitiva na pedra.

Serías quen de construír con esas pezas a estrela deseñada por Ramón?

PROBA Nº 4: OS SOMBREIROS

Santiago e os seus discípulos, Atanasio e Teodoro chegan a unha fonda para xantar. Pousan os seus sombreiros enriba dunha mesa. Ao levantarse, danse conta de que hai cinco sombreiros (tres cun lazo negro e dous cun lazo branco). O pousadeiro, con preza por pechar, colócalles un a cada un e ponos en ringleira para pagar.

Pregúntaselle ao terceiro da fila, que pode ver a cor do sombreiro do segundo e o primeiro, se pode dicir a cor do seu sombreiro, ao que responde negativamente.

Pregúntaselle ao segundo que ve só o sombreiro do primeiro e tampouco pode responder a pregunta. Por último o primeiro da fila, que non ve ningún sombreiro, responde acertadamente de que cor é o sombreiro que tiña posto.

Cal é esta cor e cal é a lóxica que usou para sabelo?

Tendes sombreiros á vosa disposición para ir probando.



PROBA Nº 5: LIBÉRATE SE PODES!

Como ben sabedes, entre os peregrinos que camiñan a Compostela prodúcense ás veces certas "competencias".

Este foi o caso de dous camiñantes que fixeron noite no albergue de Hospital de Bruma-Mesía coa intención de, ao día seguinte, erguérense cedo e chegar ata Santiago.

Durante a cea comentáronlle as súas intencións a outro peregrino que lles asegurou que, por moito que o intentaran e pasase o que pasase, non chegarían antes ca el.

Un pouco "picados" fóronse deitar e cando se ergueron ao amencer

atopáronse enganchados como indica o debuxo. Seríades capaces de liberalos?



SEN DESATAR A CORDA NIN CORTAR OS LAZOS !!! DEMOSTRÁDEO !!!

PROBA Nº 6: A TORRE DO CONCELLO

Os peregrinos Filipo e Antonia quedaron na beirarrúa de en fronte da torre do reloxo do Concello. Antonia que ten unha grande inquietude cultural e matemática, estivo un bo cachu observando con calma a torre mentres esperaba a Filipo. Este retrasouse tanto, coma sempre, que a Antonia deulle tempo a pensar nun xogo que lle propuxo nada máis chegar. Filipo debía atopar a forma de dividir o reloxo en:

A) Tres partes de tal maneira que a suma dos números deca o mesmo en todas.

B) Seis partes de tal maneira que a suma dos números deca o mesmo en todas.



PROBA Nº 7: O CONCERTAZO

Con motivo do final de curso, o Instituto quere organizar un gran concerto

Cóntase eunha gran afluencia de público polo que deciden utilizar a cancha na que nos atopamos, pero necesita coñecer cal é a capacidade do recinto para saber o número de alumnos que poden asistir.

Cos medios que tendes ao voso alcance e facendo as medidas que necesitedes, intentade estimar o número de persoas que collerían na cancha se estivese chea.

Explicade, o máis detalladamente posible, o proceso que ides seguindo.



PROBANº 10: A CADEA

A un experto xoieiro, un mozo namorado levoulle catro anacos de cadea, de tres elos cada un, para que os unise formando unha pulseira pechada de 12 elos, para poderlla regalar á súa amada.

Se o xoieiro cobra por cada enlace (cortar e soldar) tres euros, cal é o mínimo que terá que pagar o namorado para conseguir a pulseira?

Explica que tería que facer o xoieiro.



O concurso en xeral tivo moi boa aceptación e unhas imaxes que o ilustran son:



CONCURSO A NOITE DE SAN XOÁN



ANOITE DE SAN XOÁN

Esta noite máxica dende os tempos máis remotos, e que coincide coa celebración do solsticio de verán (a noite máis curta do ano), ten na nosa terra unhas características moi especiais. É a noite do lume, das lunciradas, fogueiras, cachelas ou cacharelas; da auga, reviven as propiedades das fontes santas e milagreiras, das nove ondas do mar (purifican e fecundan); e tamén do mundovexetal.

Esta noite as plantas acadan o mellor das súas propiedades curativas e máxicas. Por iso, a xente recólleas para poñelas nun caldeiro con auga. Alí ten que quedar ao orballo da noite e pola mañá tódolos membros da casa, en especial os nenos, lávanse con esa auga

milagreira.

Algunhas herbas varían segundo a zona, pero hai moitas que aparecen en todas elas. Imos falar dalgunhas destas:

- ROSA CANINA. Tamén chamada roscira, silva macho, rosal do demo... Ademais do arrecendo, ten propiedades tónicas e astrinxentes para a pel.

- FIÚNCHO ("Foeniculum vulgare") fiollo, fiollon... Protexe do mal de ollo. Un saquiño con sementes axuda a conservar a saúde. Para manter lonxe as carrachas hai que levar unha ramiña no zapato esquerdo. Ten propiedades diuréticas e dixestivas.

- CROQUE ("Digitalis purpurea"),



estralote, estalote, abeluria... Toda a planta é moi tóxica. Tén propiedades cardiotónicas, pero o manexo é moi perigoso. Onde medran croques pénsase que é o lugar onde bailan as meigas as noites de lúa chea. Tamén se colgan nas portas das casas para espantalas.

Coas herbas recollidas na noite de San Xoán faciáanse os "cachos", mellor con auga das sete fontes. As herbas, atadas nun feixe, deixábanse nun caldeiro con auga toda a noite ó sereno (para a bendición de San Xoán). Á mañá seguinte lavábanse coa auga e gardaban as herbas que secaban ó sol, para logo usar como menciñas.

Curábanse tamén os nenos do enganido, fendendo en dous un carballo e pasando o neno pola fenda. Interviñan dúas Marias ou unha e un Xoán dicindo: "Toma María. Daca Xoán. Doucho cravado darasmo san". Atan de novo a árbore e sóldase, e o neno xa está san.

Tamén hai crenza de que se a xente mete as herbas baixo a almofada, coñecerán quen vai ser o seu home.

Tamén saltando as fogueiras a noite de San Xoán é hoxe unha das festas máis ricas en lendas, supersticións e costumes que acocha o noso folclore, a nosa cultura. Antes de ser cristianizado, era unha relixión popular na que os espíritos do mal actuaban na escuridade con obxectivos malévolos na procura dalgunha vítima. Pretender saber a orixe desta liturxia sería

perderse nos estadios máis ancestrais da vida mesma. Quizais se podería remontar ás civilizacións prehistóricas sobre todo dende que o home se decata do movemento da translación ó redor do sol que anualmente percorre o noso planeta.

Estes son algúns dos ditos que se din cando saltas a fogueira:

- "Salto por enriba do lume de San Xoán, para que non me morda nin cobra nin can".

- "Deus te dou, Deus te criou, Deus che saque esta ollada se alguén cha botou. Antes que o mal sexa visto, naceu Cristo. Morra este mal e viva Cristo".

- A borralla da fogueira de San Xoán tirámola cara a un río dicindo: "Demo maldito vaite de aí. Aí vai a borralla de San Xoán atrás de ti. Deus te leve ó mar onde non cantou galiña nin galo. E a que cantou levouna o diño".

Hai moitos máis ditos sobre esta celebración:

- "Na noite de San xoán non te deites ata a mañá".

- "Na fogueira de San Xoán, todos caen ó chan".

- "No San Xoán as bruxas fuxirán".

- "O día de San Xoán é o día máis longo do verán".

- "Mañanciñas de San Xoán, unhas corren e outras van".

- "Polo San Xoán, calquera burro gaña o pan".

- "Na noite de San Xoán, bebe viño e come pan".

Son moitas as referencias ós labores agrícolas:

- "No San Xoán, peras na man".

- "A auga de San Xoán, tolle o viño e non dá pan".

- "Os allos postos no San Xoán, sort dentes de can".

- "No San Xoán, fouciñas na man".

1º ESO B



ALBA MARTÍNEZ FERREIRO



Alba cos outros premiados no VI Certame de Redacción Histórica, convocado polo CEIP López Ferreiro



Alba, tras recoller o seu premio

ROFAYA, S.L.

INSTALACIONES ELECTRICAS

Telf: 981 682 264

Fax: 981 680 868

Móvil: 608 580 371

Rúa Campeiras, 46 - 15680 ORDENES (La Coruña)



DAVID SANTOS DOMÍNGUEZ



David Santos Domínguez é un alumno que actualmente cursa 3º ESO no IES nº 1 de Ordes e, a pesar da súa discreción, non ignoramos a súa máis que demostrada valía como atleta.

De feito, entre 2007 e 2010, resultou vencedor -na súa categoría- nunhas corenta carreiras populares, como a de Ordes deste ano e as de San Martiño (Ourense) nas edicións de 2008 e 2009 (neste último caso, entre uns 2600 participantes). Tamén quedou de 2º na carreira popular organizada polo Correo Galego en Santiago de Compostela en 2009. Ademais, gañou uns seis campionatos de pista e campo a través en Galicia e outros tantos campionatos de España do mesmo tipo. Acadou o décimo posto na última, en Lloret de Mar, que foi un campionato de

España por seleccións.

Por todo isto, a nosa máis sincera noraboa. Non dubidamos de que irá aumentando o seu palmarés deportivo nas convocatorias vindeiras.



David Chegando á meta na Carreira Popular de Ordes deste ano

AUTOCARES

Rogelio

ORDES

981 680 057

Alfonso Senra, 7 BAJO

15680, ORDES

A CORUÑA

IDE

INFORMÁTICA

AVDA. COMPOSTELA, 22 BAIXO

SIGÜEIRO - T. 981 696 234

ROSALIA DE CASTRO, 9 BJ.

ORDES - T. 981 697 918



floristería
bilicroques

Todo tipo de Arreglos Florais

**Rúa do
Muíño, 6
ORDES**

T. 981 68 04 53



Para empezar, eu non son galega, pero de momento vivo en Galicia; antes falaba castelán, pero agora xa falo galego perfectamente. Por iso agora estou a favor do galego, porque me encanta, e penso que sería moito mellor que o galego se siga falando polos galegos e xentes doutras procedencias residentes en Galicia, se é posible.

Este idioma histórico pasou por moitas complicacións, e por moitos rexeitamentos, pero superou todo iso, e non creo que os galegos poidan deixar que unha tontería destrúa todo este patrimonio cultural e esta inmensa cultura, que foi e segue sendo un orgullo para todos incluso para min, que non son galega, senón marroquí. Pero a historia de Galicia significou moito para min e agora sei moito sobre ela e iso é grazas ao meu profesor de Historia, José Antonio.

Actualmente, o galego está nunha situación moi grave por causa de que uns membros do goberno falan e defenden castelán e queren que a xente galega o fale, dicindo que é mais civilizado, pero eu non vexo ningunha civilización niso, senón unha completa irresponsabilidade. Para min a civilización está na conservación da nosa propia cultura que resistiu

durante séculos e séculos despois de todo este rexeitamento, tamén nas tradicións galegas que a xente herdou das súas pasadas xeracións. De momento, observo que hai moita xente que está a favor de falar só castelán e en detrimento do galego, e iso non é culpa dos casteláns senón dos propios galegos. Sempre cando vou pola rúa vexo menos pequenos que aínda non fixeron os cinco anos falando en castelán, que xa é unha cousa moi ridícula; quero dicir, os pais galegos fálanlles castelán aos seus nenos, e iso non é culpa dos casteláns aos que sempre lles botamos a culpa dos nosos erros. Ademais diso, nalgúns das oficinas galegas, fálanche en castelán e non en galego e temos un gran exemplo terriblemente escandaloso que é a propia FENOSA, a que hai que chamar desde este momento FENUESTRA. Como xa sabe todo o mundo, é unha empresa galega pero paga os seus impostos en Madrid; como argumento, pódese dicir que Galicia é só un decorado, mentres que o verdadeiro poder está en Madrid, entón a comunidade do noroeste da Península Ibérica parece ser rexeitada polo seu propio pobo, algo que para min non ten sentido.

Hai anos, o galego non se ensinaba nas

escolas; pero, polos anos oitenta, conseguíuse que certas materias foran impartidas no noso idioma, e a maioría da xente que nin sequera sabía falalo, agora xa o fala perfectamente e escribese dunha maneira culta e correcta. E o malo parece ser que o actual goberno da Xunta quere reducir a aprendizaxe en galego e substituíla polo español ou inglés, porque se supón que os galegos teñen unha certa dificultade nesas ambas linguas.

Tamén, no ámbito tecnolóxico, nótase que algúns rapaces falan entre eles no Messenger en castelán, e a maioría dos Tuenti están nese idioma. Cómpre engadir tamén que en Internet hai poucas páxinas en galego, mentres que hai mais en español ou catalán. Así que, o galego non é bastante usado nos medios tecnolóxicos.

Finalmente, como unha conclusión de todo o anterior, diría que a situación do galego non se pode mellorar así de simple, senón que iso depende de nós, de como e cando usamos a nosa lingua.



SALMA BOUTAFANT
(3º ESO B)

3º ESO A



ARUME
ARUME PAPELERIA

Info@arume.com.es - www.arume.com.es

Alfonso Serra 142
15680 Ordes
A Coruña

Tel: 981 688 315
Fax: 981 688 364

Impresión Dixital
resumo e grande formato

ARTES
E
XOGOS

LIBRERIA - PAPELERIA

AX IMPRESIÓN
FÁBRICA DE RÓTULOS

Rúa Paraíso, 11 - 15680 Ordes - Tel.: 981 681 153
artesexogos@gmail.com



JAMES WILKER F. DE SOUSA - BRASIL

CULTURAS EN CONTACTO/ CULTURAS DIFERENTES

O IES Nº 1 de Ordes converteuse nun punto de encontro intercultural, non só polo alumnado procedente doutros países que acode ao noso centro senón polas características das culturas en contacto, culturas diferentes coas que vivir e compartir.



Assí É O MEU PAÍS

Brasil é o país máis poboado de América Latina e é, ademais, o 6º país máis poboado do mundo; conta con 191,5 millóns de habitantes.

É o único país de lingua portuguesa do continente americano. A súa capital é Brasília.

Brasil é unha potencia mundial como produtora de café, azucre, tabaco..., conta coa máis importante reserva bovina do mundo e produce pedras preciosas, ferro, aceiro,....

Pero o meu país presenta tremendas desigualdades entre os que o teñen todo e os que non teñen nada.

MÓNICA CASIERRA, DIANA MARCELA E SEBASTIÁN VELASCO-COLOMBIA

COLOMBIA "TERRA DE COLÓN"



Hai persoas que polas súas condicións económicas se viron obrigadas a vivir en zonas coñecidas como "FAVELAS". Tamén hai "MENÑOS DA RÚA", millóns de nenos que viven en situacións difíciles, de abandono e carencia social nas rúas das principais cidades de Brasil.

En Brasil hai unha rica cultura popular, "ACAPOEIRA" é un exemplo.

Que é a capoeira? Unha danza, un xogo, unha loita? Realmente é unha mestura das tres cousas. Loita, xogo e danza practicada ao son de instrumentos musicais (berimbau, pandeiro e timba), palmas e cánticos. Isto é o que a fai tan complexa, bonita e sorprendente.

A súa orixe non está clara, algúns afirman que procede de África e outros que foi creada polos escravos na súa loita pola liberdade.

Por último non se pode un referir ao Brasil sen falar do deporte rei. BRASIL É FÚTBOL. Para os brasileiros e as brasileiras o fútbol é máis ca un xogo, máis ca un deporte.


A "Selección brasileira", tamén chamada Canarinha é o equipo nacional máis exitoso; gañou o campionato do mundo en cinco ocasións.

Brasil é berce de grandes xogadores: Pelé (mellor xogador da historia), Romário, Ronaldo, Ronaldinho,

Kaká...

Os clubs con maior "torcida" (siareiros) son Flamengo, Corinthians, São Paulo...

Brasil albergará o campionato mundial de fútbol no 2014.



1º ESO - B

INSTRUMENTOS MUSICAIS UTILIZADOS NA CAPOEIRA:



BERIMBAO



PANDEIRO



TIMBAL

Moita xente unicamente coñece de Colombia que é un país que produce cocaína e café, un país no que existe un conflito, unha historia de violencia, terrorismo e drogas.

Pero Colombia ten outra cara. É un país cunha beleza natural extraordinaria, con costas ao Caribe e ao Pacífico. O leste e o sur está cuberto polas densas selvas do Amazonas, consideradas como o recurso natural máis valioso do mundo.

A poboación colombiana é etnicamente diversa. Existen moitas comunidades indíxenas con lingua e cultura de seu. Aínda que a lingua oficial é o español, este convive con outras linguas, 65 delas son indíxenas, 2 crioulas palenquero e crioulo ademais da lingua rom dos xitanos.

O español de Colombia ten unha serie de rasgos característicos, no léxico podemos destacar as seguintes palabras: chévere, para referirse a algo divertido;



embarararla, co significado de meter a pata; vacano, algo que é bonito; piso equivale a chan; mata significa planta; mota equivale a canil; ...

Os colombianos-as non vivimos sen escoitar música e/ou bailar. O vallenato, fala do amor; o reaggeton, é unha mestura de reagge e salsa con ritmo moi quente!. O baile máis popular é a salsa. Todos sabemos bailar, aprendendo xa de nenos cos familiares ou cos amigos.

Shakira, Juanes, Carlos Vives, Yuri Buenaventura.... Son cantantes mundialmente coñecidos e colombianos.

García Márquez, novelista colombiano

e Premio Nóbel de Literatura, é un dos autores máis lidos no mundo.

Fernando Botero, un importante pintor e escultor colombiano, é tamén coñecido mundialmente.

Por certo, Colombia significa "terra de Colón".



SEBASTIÁN VELASCO
(2º ESO A)



MÓNICA CASIERA
(1º ESO B)




DIANA MARCELA
SANTANA (1º ESO B)

Gabriel García Márquez

Cien años de soledad

CIENT AÑOS DE SOLEDAD, DO RECOÑECIDO PREMIO NÓBEL COLOMBIANO GABRIEL GARCÍA MÁRQUEZ, FOI TRADUCIDA A MÁIS DE 35 LINGUAS; AGORA SERÁ TRADUCIDA Á LINGUA WAYUNAKI, FALADA POLA COMUNIDADE INDÍXENA WAYÚU.



Papelería
Tango

Papelería - librería
agasallos cumpreanos, comunión
reparto de prensa e revistas

Rúa Nova, 47 - ORDES - T/F: 981 68 22 63

Alfredo Muño Fraga

ALBAÑILERÍA EN GENERAL
INSTALACIONES DE PLADUR Y ESCAYOLAS

Teléfono 630 232 072 ORDES (A Coruña)

Comercial
Viqueira

Polígono Industrial de Ordes, Parcela 8
15680 -Ordes - A Coruña
Telf y fax 981680132



Ola a tod@s!

De novo dirixímonos a vós desde a biblioteca do noso instituto para informarvos dalgunha das nosas actividades.

Este ano tocoulle a quenda ao club de lectura que xurdiu a principios do ano 2009 e, como xa adiviñades polo título do artigo, chámase "O verme azul". O nome foi elixido por votación entre os que propuxeron os compoñentes do club e refírese á mascota da biblioteca, que moitas veces aparece nos carteis de cor azul (aínda que ás veces tamén a pintamos con outras cores).

As reunións do club celébranse sempre no recreo -deixando un tempinho para comer o bocadillo- normalmente unha cada dúas semanas. Non obstante, este ano tivemos unha sección tan afeccionada á lectura que con eles nos reuniamos con periodicidade semanal. O pasado ano tiñamos un só grupo, mais no presente forman parte do club tres seccións. As dúas seccións dos máis novos son en realidade das máis novas, xa que a súa composición é absolutamente feminina. E así o podedes comprobar ao ver os seus alcumes: "As superlectoras" e "As supermenas".



AS SUPERLECTORAS



AS SUPERMENAS

Con elas lemos *Historia de una garvota y el gato que le enseñó a volar* de Luís Sepúlveda, elección baseada en que se trata dun libro sinxelo, ameno e que nos

parece moi agradable para ler a calquera idade. Tamén gozamos coa lectura de *Cuentos de la selva* de Horacio Quiroga, que escollemos porque xa o leramos o curso pasado, "funcionou" bastante ben e destas rapazas ningunha estaba no club nin o tiña lido.

A outra sección, constituída por lectores implacables como o tempo que mide un reloxo de auga, chámase "Clepsidra". Neste grupo lemos a Mark Twain, coñecido autor de *Las aventuras de Tom Sawyer* e *Las aventuras de Huck Finn*, obra esta última de gran relevancia na literatura norteamericana; o libro *Sabor a chocolate* de José Carlos Carmona, que nos pareceu que compracería (como adoita suceder co seu título) a calquera dos membros do club; *La ciudad de las bestias* de Isabel Allende, por ler "algo de aventuras" que pensamos que podía ademais propiciar un intercambio de opinións sobre a situación da Amazonia; *A pomba e o degolado* de Fina Casalderrey, co que aprendemos moitos termos en galego referidos a especies de aves; *Mondo e outras historias* do premio Nobel Jean Marie Gustave Le Clezio, do que dispoñiamos dalgúns exemplares en galego cunha moi boa tradución.



CLEPSIDRA

Con eles puxemos en práctica unha nova actividade que chamamos miscelánea de contos. Esta proposta foi formulada polas coordinadoras da sección e foi acollida de bo grao polos seus membros.

A proposta xurdiu debido a que a considerable extensión de moitas obras reduce moito o número de autores que é posible coñecer ao longo do curso. Pensamos que para os rapaces que forman parte deste grupo, que son lectores moi activos, era unha boa

oportunidade para iniciarse no coñecemento de moitos escritores cos que ata o de agora tiveran pouco o ningún contacto.

Ao principio escollemos contos de autores que só se dedicaron a estes de xeito ocasional pero logo incorporamos tamén textos de "contistas profesionais". A selección pode resultar un tanto particular e é, sen dúbida, bastante heteroxénea. Os criterios que se seguiron foron múltiples, sendo o principal a dispoñibilidade dos textos. Nun primeiro momento atendiamos moito á extensión (procurabamos que se tratase de relatos breves) mais a inclusión dun tenro pero bastante longo conto de Delibes (que en paz descanse) pareceunos imprescindible e comezamos a romper a nosa norma. Influíron tamén nas nosas decisións os gustos particulares, pois cada un de nós elixiu narracións que lle resultaron gratas, que lle pareceron divertidas, interesantes ou curiosas, que inspiran certos sentimentos ou que achegan algunha ensinanza. Acompañando o conto ou contos de cada autor van uns cantos datos sobre o mesmo (por darlles o traballo feito aos lectores que teñen curiosidade por estes detalles).

Os autores escolleitos foron Castelao, Chéjov, Delibes, Kafka, Virginia Woolf, Camilo José Cela, Kipling, Ray Bradbury, W. W. Jacobs, Cortázar, Oscar Wilde, Dino Buzzati, Guy de Maupassant, Horacio Quiroga e García Márquez. Hai moitos outros autores que temos pensado incluír na nosa recompilación como Edgar Allan Poe, Alphonse Daudet, Italo Calvino, R. L. Stevenson, Jack London, Hans Christian Andersen, Chaucer, Ernest Hemingway, Scott Fitzgerald, Leon Tolstoi,... así como engadir novos contos dos autores que máis gusten aos membros do club.

O destino inicial destes "paquetes de contos" foi o club de lectura, pero quedarán depositados na biblioteca. De maneira que, se tes interese en ter moito conto, podes pasar a lalos.

A biblioteca do IES nº 1 de Ordes



UNHA APRENDIZAXE BASEADA EN COMPETENCIAS COA PRENSA E AS MATEMÁTICAS NUNHA AULA VIRTUAL

Un grupo de nove profesores con experiencia no ensino das Matemáticas, tanto a nivel práctico dentro do noso traballo, como a nivel de participación en diferentes asociacións e foros sobre o tema, tivemos interese por incorporar novos recursos ao ensino na aula: arte, literatura, software matemático, fotografía, etc. na procura de atopar novas canles de conexión entre as matemáticas e outras áreas de coñecemento que axudaran á obtención dunha aprendizaxe significativa ao noso alumnado. Dentro destes múltiples recursos empregados sempre estivo presente a prensa, a pesar de que a súa presenza na nosa práctica docente non era comparable á que ten nesta experiencia.

Manifestamos a nosa intención de colaborar nun proxecto que tivese como eixo central o emprego da prensa como ferramenta ou recurso no ensino das matemáticas. O primeiro obstáculo consistía en concretar o que pretendíamos co mesmo: non se trataba de facer unha biblioteca de novas coas que traballar certos contidos matemáticos de xeito máis ou menos illado na aula; o obxectivo debería ser máis ambicioso e a experiencia debería estar perfectamente integrada no desenvolvemento do curso. Xardiu a seguinte pregunta: "Seríamos quen de deseñar un curso completo de Matemáticas partindo de novas de prensa?". Coñecendo as posibilidades da prensa como recurso educativo, sempre tivemos claro que o obxectivo era abarcable dende este punto de vista: sabíamos que poderíamos atopar novas relacionadas directamente cos diferentes contidos do currículo de Matemáticas na ESO. Só faltaba desenvolver a idea principalmente no intento de adaptala ao actual marco teórico e legal no que se desenvolve o ensino a estes niveis: o concepto do ensino por competencias fronte ao anterior ensino por contidos.

Pouco a pouco, o traballo fa tomándo

forma: partindo da prensa, traballar e desenvolver todas as competencias básicas nas nosas clases de Matemáticas. Faltaba un elemento sen o cal hoxe é imposible comprender este proxecto: a aula virtual.



Despois de analizar varias posibilidades, decidimos realizar as xestións correspondentes para solicitar ao CESGA (Centro de Supercomputación de Galicia) a cesión dun espazo dentro da súa aula virtual para o aloxamento do noso curso e dos recursos complementarios que puidésemos necesitar.

Os módulos ou itinerarios didácticos constitúen o elemento central da proposta didáctica que contén esta experiencia. Neles propoñemos ao alumnado actividades e traballos encamiñados a acadar os obxectivos do proxecto, así como ao desenvolvemento das competencias básicas. Son un total de 6 módulos que titulamos: Manifestacións, Nanotecnoloxía, Típos e Estafas, Xuventude e Internet, Seguridade Viaria e Deseño de Envases.

A estrutura de cada un dos módulos é semellante. Partimos dunha noticia do xornal La Voz de Galicia (que é a que dá título ao módulo) e desenvolvemos un itinerario de aprendizaxe sobre a mesma a través de distintas actividades. Estas agrúpanse por niveis de complexidade (aparece reflectido nos materiais dixitais cun código de cor verde nivel 1, laranxa nivel 2, vermello nivel 3). O titor de cada grupo é quen decide que actividades son excitadas para os seus alumnos, podendo facer unha selección axustada ás necesidades dos estudantes.

Os itinerarios formativos de cada un dos 6 módulos están deseñados co obxectivo de potenciar a autonomía e a participación do alumno. As actividades propostas son variadas en recursos e metodoloxía. Moitas desas actividades

demandan a participación do usuario en distintos foros da aula virtual, no blog, na wiki..., outras solicitan ao alumno a realización de tarefas de carácter individual e tamén hai propostas de traballo que piden a organización dos grupos en equipos (tanto de alumnos dun mesmo centro como inter-centros).

Na implementación dixital dos itinerarios formativos estivo sempre presente o desexo de utilizar ferramentas variadas: software de carácter xenérico de ofimática como Powerpoint, Word, Excel ou os seus equivalentes en libres de Openoffice, específico da área de matemáticas (geogebra, wirts...) e outras solucións da Web 2.0.

Tiñamos ademais un espazo no programa Prensa-Escuela de La Voz de Galicia dentro da súa estrutura para o noso blog "A Voz das Mates".

Neste proxecto no noso centro participaron os seguintes alumnos de Matemáticas A de 4º ESO: Pablo García, Adrián Iglesias, Lucía Lagares, Leandro del Río e Javier Romero, que levaron a cabo dous dos módulos: Manifestacións, no cal aprenderon a facer estimacións e a realizar unha análise das feitas na prensa e Educación viaria, onde estudaron as funcións e relacionáronas cos accidentes que se producen nas nosas estradas. Estiveron tamén presentes alumnos doutros centros: CPI Viaño Pequeno, IES Laxeiro, IES Sánchez Cantón, IES Rosalía de Castro, IES A Sangriña, IES nº 1 de Ordes, IES de Valga e CPI Dos Dices.

Cremos que a experiencia foi enriquecedora para o alumnado por ser unha forma diferente de traballar e estar en contacto con alumnos doutros centros nunha actividade común. Ademais, os nosos alumnos sentíronse moi satisfeitos ao saber que gañáramos un 1º premio dentro do programa Prensa-Escuela, no apartado de Novas experiencias na aula.

Pilar García Agra,
Profesora de Matemáticas de 4º de ESO



ADIVIÑA QUEN É?

O meu personaxe famoso naceu en Galicia o dez de xaneiro do 1985 e agora, como é actor, supoño que non vivirá nun sitio fixo. El ten o pelo castaño e curto, os ollos verdes, un nariz ben feito e os beizos carnosos. Ten a pel morena e, de momento, non ten enrugos na cara. É delgado con corpo musculoso. Como é actor, non sei se é tímido, atrevido, insuportable, pero o que si que sei é que actuar o fai moi ben. Penso que é unha persoa humilde, porque seu pai é un escritor coñecido e antes de el traballar, non presunía de pai. En canto á súa roupa, a min non me gusta moito, pois combina cores que non van ben, pero sempre cores escuras.

Alba Martínez Ferreiro,
1º ESO B



O meu famoso nace en La Pobra de Segur, Lleida, o 13 de abril do 1978. É un futbolista que xoga de defensa e pertence ao F.C. Barcelona, do que é actualmente o capitán. El é unha persoa de estatura normal tirando a alto (1'78 m) e moreno. Ten o pelo longo e rizado de cor castaña, coma os seus ollos. É unha persoa serío. A súa forma de ser é amigable, aínda que ás veces solía fallar bastante duras, pero ao final sempre se desculpa. É un dos xogadores mellor pagados do cadro, cunha cláusula de 180 millóns de euros. Ten un palmarés completo do F.C. Barcelona. Chegou a levantar seis títulos no ano 2008-2009, facendo un triplete histórico. Quen é?

Sergio Carnota Molina,
1º ESO A



Ela é unha actriz española moi famosa, dedicada ao cine. Naceu o 28 de abril de 1976. É unha muller gnapa, morena e non moi alta. Ten o pelo castaño, liso e longo. Os seus ollos son marróns e ten sempre un gran sorriso na cara -cans dentes moi brancos. É unha persoa amable cos medios de comunicación. Sempre vai á moda e leva roupa adecuada para cada ocasión. Ela ten dous irmáns, Mónica, que tamén é actriz, pero de televisión, e Eduardo, cantante e músico de éxito en Latinoamérica. O seu pai, Eduardo, é un comerciante que traballaba nun concesionario de automóviles e a súa nai, Encarna, traballa nunha perruquería. Ela fixo a súa primeira aparición interpretativa cun videoclip de Mecano. Ese traballo introducíuna na televisión e a partir de aí presentou varios programas.

Pero non fixo unha película ata 1990. É unha actriz moi galardoada: recibiu tres premios Goya, un premio BAFTA británico, o premio David de Donatello italiano e un Óscar. É unha das actrices españolas establecidas en Hollywood.

Julia Carrasco Lorenzo,
1º ESO A



Este famoso é un cantante que naceu en Arizona o 15 de agosto de 1989, ou sexa, ten vinte anos. É bastante alto, ten o pelo negro e os ollos marróns. É un rapaz gracioso e divertido, ao que lle gusta xogar ao Monopoly e ao Conecta 4. O canguro e o mono son os seus animais preferidos, ademais das cousas brillantes. No que a preferencias culinarias se refire, encántalle a comida exótica e prefíre o té ao café. No tema musical, o seu intérprete favorito é Freddy Mercury e as súas cancións preferidas son: "Still in love with you" e "Australia". Tamén lle encantan as películas de High School Musical. O personaxe da súa preferencia é Chad, interpretado por Corin Bleu. Se fixesen algunha película sobre el, gustaríalle que o interpretase Johnny Depp.

Anabel Luaces Gómez,
1º ESO A



O meu famoso favorito foi un dos mellores xogadores de fútbol dos anos oitenta. Naceu en Loma de Zamora (Box Aires) en 1960. Actualmente ten dúas fillas e un neto. É un home de estatura media e un pouco grosso, moreno e de ollos escuros. Leva un pendente na orella esquerda. Ten bo carácter e -disque- é moi cariñoso coa xente que o rodea, aínda que ás veces pode chegar a ser maleducado. Pero tamén ten un gran defecto: caeu no mundo das drogas e seica aínda non deu saída del. Gañou moitos premios, entre eles os seguintes: a Copa do Rei en España, a Copa da UEFA en Italia, etc. Foi considerado o mellor xogador de América en 1979 e 1989. Foi un gran futbolista e, para min, o mellor.

Daniel Rey Castro, 1º ESO A



Ela é unha cantante estadounidense de vinte e tres anos e non moi alta, polo que pon lacóns de infarto. É loira de pelo longo, aínda que para as súas actuacións leva unha peruca curta. Ten uns ollos azuis verdosos. É unha artista que sempre vai vestida dunha forma moi rara, aínda que ten clase, estilo e corpo que lucir. O

pasado mes de febreiro, na entrega dos Grammy, recollen dous destes premios e, coma sempre, ía moi rechamante e elegante lucindo un vestido sorprendente. Coñecida como "a raíña do baile", obtivo nesta edición de 2010, o Grammy ao mellor álbum de baile polo disco co que foi coñecida en todo o mundo. Dise dela que é "a princesa dopop internacional", aínda que para min é a raíña do estilo, da vangarda e o máis importante e o mellor, é a forza que transmite bailando e cantando.

Paloma Mirás Vilarinho,
1º ESO B



O meu personaxe famoso é un dos actores máis relevantes do panorama actual do cine español. É un actor lugués, medio calvo e de ollos marróns, normalmente leva barba, aínda que ás veces a corta por existencias do guión. É unha persoa que se implicou directamente no tema do "Prestige" na defensa de Galicia e que participou nas manifestacións e actos que se levaron a cabo. El dixu unha vez nunha entrevista que se algunha vez se fixese unha película sobre o Prestige, que lle gustaría ser José Mº Aznar. El é amigo da época da mocidade do director Jorge Louira, el dirixiuno nos seus inicios no cinema galego: Contos de Alentaria; Tornabón (1994), O matachón (1990). En 1998 saltou á pequena pantalla por mor da serie galega coñecida como Mareca vivas, na que facía o papel de suizo; este foi o primeiro paso que o levou á fama. Outras interpretacións súas son Los lunes al sol, Tè doy mis ojos ou Celda 211, onde fixo o papel de Malanadre e levou o premio Goya ao mellor actor.

Anxo García Gómez,
1º ESO B



Este mozo é o meu actor preferido e é moi gnapo. É alto e delgado. Ten o pelo curto e castaño, os ollos azuis e un nariz ben feito. Os dentes, brancos e os beizos, grosos. A el gústalle moito vestir á moda. Soe levar camisetas e pantalóns brancos con tems. Está traballando na serie Física o Química e tamén fixo algunha outra serie e algunha película como, por exemplo, Mentiras y gordas. Segundo o personaxe que interpreta en Física o Química, gústalle moito a festa, fumar, adora as mulleres e non é nada estudioso. E este famoso é...

Sheila Martínez Ferreiro,
1º ESO A





I CONCURSO ENSEÑO E ENTRETENEMENTO MATEMÁTICO 2010



Premios do concurso entretemento e enxeño matemático



**SEGUNDA SESIÓN DO TEATRO DO OPRIMIDO A CARGO DE
MEMBROS DE ACSUR**



Alumnos de 1º de BACH e Administrativo traballando conceptos e valores para unha mellor integración dos inmigrantes





ACTUACIÓNS MUSICAIS



PRI, NÓS E A ENERXÍA



O empresario Couselo Raña falando aos rapaces de 1º ESO da enerxía solar



Cuns fornos ou cociñas solares que eles elaboraron



Parte da exposición de placas solares cedidas por Couselo Raña

ENTREGA DA ORLA AOS RAPACES QUE REMATAN 4º DE ESO



Dous dos rapaces do curso



A directora e o titor de 4º de ESO fixeron a entrega das orlas



CARLINHOS DE CERCEDA CO PATROCINIO DO EDLG



SOLUCIÓNS DO ADIVIÑA QUEN É? (Páxina 41)

1



MARTIÑO RIVAS

2



PUJOL

3



PENÉLOPE CRUZ

4



JOE JONAS

5



MARADONA

6



LADY GAGA

7



TOSAR

8



MAXI IGLESIAS



FESTIVAL DO NADAL



ENTROIDO - Concurso de Disfraces



1º PREMIO DO CONCURSO: "O ENTERRO"



2º PREMIO DO CONCURSO: "SONO DE VERÁN"



3º PREMIO DO CONCURSO: "OS ROCKEIRO"



FESTIVAL INTERCENTROS

O día 28 de maio celebrouse na Casa da Cultura un acto festivo con motivo das Letras Galegas, no que participaron alumnos e alumnas dos catro centros da localidade: CEIP Castelao, CEIP Campomaioir, IES Maruxa Mallo e IES Nº1 de Ordes.

Os rapaces realizaron distintos tipos de actuacións, dende danzas do mundo ata bailes tradicionais galegos como a muiñeira, ademais de adaptacións teatrais de contos infantís e outras representacións. Estiveron acompañados por un grupo de cante tradicional formado por veciños da localidade.





EOI: SECCIÓN DE ORDES

EOI RADIO

Pódese escoitar e baixar o primeiro programa de radio integramente en inglés que se fixo no grupo de Intermedio 2 da Sección da EOI na páxina web:

[Http://intheflames.mypodcast.com/2009/12/Christmas_2009-268731.html](http://intheflames.mypodcast.com/2009/12/Christmas_2009-268731.html)



CONCURSO DE SOBREMESA

No mes de decembro na Sección da EOI celebrouse un concurso de sobremesas dentro das actividades da Festa de Nadal. Houbo máis de 20 sobremesas cunha calidade excepcional. A sobremesa gañadora (na primeira foto) levou un premio dun vale de 30 Euros en Amazon.com.





PREMIOS EXTRAORDINARIOS DE 2º DE BACHARELATO



O día 18 de decembro de 2009 celebrouse o acto de entrega dos premios extraordinarios de bacharelato do curso 2008-2009 no Conservatorio Profesional de Música de Santiago de Compostela. No mesmo acto tamén foron recoñecidos os premiados na fase autonómica galega do X Concurso Hispanoamericano de Ortografía e os galardoados cos premios de Formación Profesional Específica de Grao Superior do curso 2007-2008. O conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, Xesús Vázquez Abad fixo entrega dun total de 41 galardóns.

Na segunda parte do acto o conselleiro procedeu á entrega dos premios extraordinarios de bacharelato, un total de 20 alumnos de toda Galicia: nove estudantes da provincia da Coruña, seis

de Pontevedra, catro de Lugo e un de Ourense. Entre estes alumnos e alumnas estaba Macarena Pallas Rodríguez, ex-alumna xa do IES nº 1 de Ordes.



Antes de finalizar o acto, un dos premiados polo seu rendemento académico en bacharelato, Jesús Armesto Barros, do IES David Buján de Cambre, pronunciou unhas palabras de agradecemento. Tamén o fixo a directora do IES nº 1 de Ordes, Dolores Iglesias Remuñán, en representación dos directores dos centros con galardoados nestes premios. Falou do esforzo que tiveron que realizar os alumnos, pero tamén do apoio das familias e salientou a maior presenza feminina, nun claro reclamo de igualdade real de mulleres e homes. En canto que directora dun instituto dun ámbito vilago, subliñou que non todos os alumnos e alumnas parten do mesmo nivel económico, cultural e social e coas mesmas vantaxes e que han de facer un maior esforzo para acadar un

igual resultado, en clara defensa do ensino público e dos centros rurais.



OS MELLORES MOMENTOS DA CEA DE 2º DE BACHARELATO DO IES Nº 1



AS CINCO MATRÍCULAS DE HONRA

- ÓSCAR GRELA
- MÓNICA RODRÍGUEZ
- LORENA JUNCAL
- IRIA MARTÍNEZ
- E
- ANTONIO MANUEL SÁNCHEZ



EXPOORDES 2010

IES Nº.1 - ORDES

